



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 08 DE SETEMBRO DE 2014.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **AUSENTES**

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12:00 horas do día 8 de setembro de 2014 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández*

##### **Secretaria**

D<sup>a</sup> SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ

##### **Interventora de fondos**

D.<sup>a</sup> EVA FERNÁNDEZ GARCÍA

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



## PARTE RESOLUTIVA

### 1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Empezamos co primeiro punto da orde do día, que é a aprobación da acta do 7/7/2014, que teñen todos copia, e se teñen algo que alegar este é o momento.

**A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Nós tamén votamos a favor da acta, ca salvidade de que nós fixemos unha pregunta no último Pleno, temos entendido que se nos ten que contestar na propia acta, o Alcalde que nos ten que responder, porque lle preguntamos cando está previsto que a veciñanza de Parada se beneficie dos bonos de desconto do autobús, e non se nos

**A sra. Secretaria toma a palabra:** ¿Foi presentada con vinte e catro horas de antelación?

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero en todo caso ten que responderse

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Non, as preguntas formuladas con vinte e catro horas de antelación, di o ROF que se contestarán na propia sesión, ou na seguinte.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Entón pode vir na acta da seguinte sesión. Nós votamos a favor pero que veña na acta a resposta a esta pregunta, si por que é unha pregunta con un interrogante ademais.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** ¿A pregunta como era?

**A sra. Morenza toma a palabra:** ¿Cando se van a poñer en marcha os servizos de bonobus en Parada e en Piñor?.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Respóndoches agora, se fora unha empresa para que nos presente unha relación dos viaxeiros, sabes que hai unha partida no presuposto de dez mil euros, e nós tan pronto a empresa nos presente os planes a seguir, pois temos a partida.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero vostedes teranse que reunir ca empresa

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Xa me reunín eu ca empresa.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Entón en que punto está

**O sr. Alcalde toma a palabra:** De momento aínda non me deu resposta aínda ó tema, de como pensa de algunha maneira facer cos bonobuses, se vai facer como o Anpian, ou como vai a facer.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación da acta do 07/07/2014**”



### 2- APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2015

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó segundo punto que é a aprobación dos festivos locais para o ano 2015, que teñen todos copia, e os locais de Barbadás se propón como en Ourense como en outros anos, pois o San Martiño e o Martes de Entroido, o 11 de febreiro e o 11 de novembro. ¿Algo que alegar?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación dos festivos locais para o ano 2015, o Martes de Entroido (11 de febreiro), e o San Martiño (11 de novembro)**”

### 3- CONTA XERAL DO 2013

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto tres, que é a Conta Xeral do 2013, que iso é simplemente dar conta, en todo caso estiveron a disposición as contas e se hai algo que alegar, pois este é o momento, e a Interventora pois se queren que lle dea algunha explicación ó respecto, pois que tome a palabra, ou quen a desexe tomar, senón entendo que se aproba.

**O sr. Fírvida toma a palabra (BNG):** O Bloque Nacionalista Galego vaise abster, porque entendemos que é un reflexo contable dos orzamentos do Concello, tanto entendendo que é unha contabilidade oficial a que se está levando e a que se nos está presentando recolle as contas que aproba o Partido Popular en Pleno, coa abstención de Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego e que non son as contas que nos gustaría para o Concello de Barbadás, e por ese motivo nos abstemos.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Nós tamén nos imos a abster como en ocasións anteriores dado que a Conta Xeral non é outra cousa como na mesma liña, como que di o compañeiro do BNG, outra cousa como a translación da realización dos orzamentos municipais que aproba o Partido Popular en solitario, e cos que o Partido Socialista non está de acordo, é un trámite puramente administrativo e de xestión é ímonos abster.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, entón coa abstención do BNG e do PSOE, queda aprobado cos votos do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP e as abstencións do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “**Conta Xeral 2013**”



#### 4.- RESOLUCIÓNS DE ALEGACIÓNS Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, URBANOS, RÚSTICOS E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto catro que é a resolución das alegacións á modificación da ordenanza reguladora do imposto de bens inmobles, urbanos, do Concello de Barbadás. Xa se comentou na Comisión Informativa que hai unha serie de alegacións que loxicamente non son alegables, co cal non se poderían aceptar, e nós a proposta do Grupo de Goberno, é aceptar unha do PSOE en principio, pero matizando un pouco a cantidade, en primeiro lugar que consiste en desdobrar os recibos, poder pagalo en dúas veces, de todos aqueles que superen os douscentos euros, e que estean domiciliados basicamente. Falamos coa Deputación e iso non supón incremento de gasto maior, co cal pois nós estamos de acordo en que se fraccione o pago en dúas veces ó ano, de todos aqueles que estean domiciliados porque non teñen en principio custe, e as outras segundo os informes técnicos non serían asumibles, porque non son a maioría delas legais. Hai outro tipo de exencións que se poden facer, outro tipo de subvencións que se lle podan dar ás persoas que teñan dificultades, que sexan persoas menos favorecidas, hai outras vías digamos, pero desde o punto de vista legal esta non sería factible. Entón é a proposta do Partido Popular. Ten a palabra neste caso o BNG se quere tomala.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** O señor Alcalde de Barbadás, como xa nos ten acostumados agóchase detrás dunha preterida legalidade para non aprobar ningún tipo de proposta que facemos desde o Bloque Nacionalista Galego, e sen ningún tipo de razón ademais, vostedes non queren aprobar as emendas que nós presentamos sistematicamente a moitas ordenanzas municipais, sinxelamente porque non lles dá a gana, porque non teñen o espírito político de negociar coa oposición, ningún tipo de acordo, nin ningún tipo de mellora en ningún tipo de ordenanza para os veciños, pasou con todas as ordenanzas que se teñen traído a este Pleno nos últimos catro anos, vostedes sistematicamente ademais falseando a realidade, é dicir, encubriendo detrás dunha suposta legalidade nos votan para atrás todo tipo de emendas, pois o Bloque Nacionalista Galego en todo caso vai a defender cales son as propostas que traemos en canto ás emendas a esta ordenanza. Recoñecemos que ten unha cousa positiva, que se modifique o tipo impositivo do 0,5% que se viña aplicando na actualidade, ó 0,4% mínimo que permite a Lei de facendas locais. Isto xa o ven pedindo o Bloque Nacionalista Galego, desde o ano 2008 en que se fixo unha renovación catastral que supuxo que o valor catastral das vivendas do noso Concello se multiplicasen entre un 2,5 e un 3 o valor catastral, o que vai significar que nun período de dez anos os veciños do noso Concello van acabar pagando ata un 300% en



concepto de IBI, respecto do que pagaban no ano 2008, e estase aplicando unhas subidas progresivas 10% cada ano de subida ó longo de 10 anos, por unhas bonificacións que existen na Lei Catastral, e o recibo estase aumentando cada ano como digo nun 10%, e nós propuxemos no ano 2008 que se aplicase o tipo impositivo menor que permite a Lei que é o 0,4%, esa redución ía permitir un aforro do 20% no recibo do IBI. Tendo en conta que o Concello de Barbadás cada vez, cada ano recibe máis en concepto deste imposto nos orzamentos do Estado, nos orzamentos de Barbadás para o ano 2014 recóllense por exemplo en concepto de ingresos na partida que ven do IBI, cen mil euros máis de ingresos desta partida, e nós propuñamos que eses cen mil euros fosen tamén nas emendas que presentamos ós orzamentos en decembro do ano 2013, emendas que foron rexeitadas polo Grupo de Goberno do Partido Popular pedíamos precisamente iso, que o tipo impositivo se reducira ese 20%, e polo tanto o Concello deixaría de ingresar cen mil euros máis, seguiría ingresando o mesmo que o ano pasado pero as familias do noso Concello si que se verían beneficiadas, posto que este imposto reduciría a súa contía, ou polo menos non sufriría o aumento que está sufrindo ano a ano, vostedes o rexeitaron. Agora, e non é casualidade, ¿a que altura estamos?, estamos en setembro do ano 2014, sete meses vista dunhas eleccións municipais, polo tanto non é bondade política, non é que o señor Freire Couto lle dera un ataque de xenerosidade cos veciños de Barbadás, non é que queira beneficiar á cidadanía do noso Concello, é simple e sinxelamente que o Partido Popular non ten absolutamente nada que ofrecer á cidadanía deste Concello, porque todas as promesas electorais que presentaron hai catro anos, todas, todas, están sen cumprir, e como non son capaces de cumprir ningunha delas, o que fan é sete meses antes dunhas eleccións municipais reducir o tipo impositivo do imposto de bens e inmobles, do que o Bloque Nacionalista Galego se alegra, se alegra, está moi ben, menos mal, mágoa que as eleccións non foran dous meses despois da renovación catastral do ano 2008, por certo o Bloque Nacionalista Galego única forza política que fixo asembleas en todas as parroquias de Barbadás, unha por unha, para informar do que ía supor o incremento catastral aprobado, e os acordos do Goberno. Agora aplícase este desconto do 0,5 ó 0,4%, en todo caso o Bloque Nacionalista Galego si que ten unhas matizacións que facer a esta nova ordenanza municipal, e a primeira delas é que o Concello de Barbadás segue mantendo unha amnistía fiscal para os bens da igrexa católica, e resulta que neste Concello non somos todos iguais en dereitos é obrigas, somos iguais en dereitos alén das persoas que son próximas ó Partido Popular que teñen máis dereitos que outros cidadáns, e somos tamén diferentes en obrigas porque resulta que a igrexa católica séguese beneficiando dunha exención fiscal que non é a que marca a Lei de orzamentos do Estado Español, que está sometida a uns acordos



que hai entre o Estado Español e a Santa Sede, onde se recolle igual coa igrexa católica como con outros cultos con outras relixións, que aqueles centros de culto teñen que estar exentos de pagar tributos, só os centros de culto, non o resto das propiedades da igrexa católica. Hai concellos en Galiza, hai concello no resto do Estado Español que se lles está empezando a cobrar o IBI, bens, inmobles propiedade da igrexa católica, que non son adicados a centros de culto, por exemplo vivendas particulares, por exemplo vivendas que eles teñen valeiras, e se saben que as teñen, e son propiedade do Bispado, e non pagan impostos, simple e llanamente porque son da igrexa católica, pois nós propomos que a igrexa católica pague impostos exactamente igual que o resto da veciñanza do noso Concello, porque iso axudará sen dúbida, a prestar sen dúbida mellores servizos públicos ao resto dos cidadáns, católicos ou non, porque iso si que vai a formar parte das arcas deste Concello, entón esa é a primeira proposta que temos, agora nos van a dicir vostedes que é ilegal, pois mirenon é ilegal porque xa se presentou en moitos concellos, nós xa o presentamos aquí en outra ocasión, en outros concellos foi aprobado, se está aplicando e non hai ninguén que lle bote atrás esa proposta a ningún concello, porque entra dentro da autonomía municipal, e ademais está consonte coa lexislación, se non se fai é porque non queren, non se escuden en ningún tipo de lexislación. Segunda proposta que facemos, inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, aplicarase un recargo do 50% da cota líquida do imposto, é dicir, somos coñecedores de que este Concello sufriu un boom urbanístico na última década, nos últimos quince anos, boom urbanístico que en anos de bonanza a xente aproveitaba para comprar vivenda aproveitando daquel pelotazo urbanístico de que todo dobraba de prezo, e compraba múltiples vivendas coas que especular, iso provocou alén da crise económica, o incremento sufrido do máis do 200% de incremento no valor das vivendas de todo o Estado Español, derivado de que se xogou coa vivenda como un ben puramente especulativo, e non de necesidade; pois volvamos ás orixes, estou farto de escoitar a políticos estatais dicindo de que hai que cambiar o modelo produtivo, medidas nin unha, nós modestamente desde o Bloque Nacionalista Galego de Barbadás vamos presentar unha, a vivenda vai volver a ser parte dos bens de consumo esenciais para a subsistencia das familias, e van a deixar de ser bens especulativos de enriquecemento persoal, polo tanto aquelas vivendas que están valeiras, que non cumpren a súa labor social de dar acubillo a unha familia, con todos os desafiuzamentos que está habendo, centos de desafiuzamentos diarios no Estado Español que está habendo, familias que se quedan sen casa, e Barbadás resulta que ten unha porcentaxe moi alta de vivendas valeiras, graven vostedes esas vivendas, vostedes deberían sabelo moito mellor ca min, ademais, moito mellor ca min,



vaian ver cantas vivendas están ocupadas nas torres, cantas vivendas que están ocupadas nos edificios da Valenzá, en todos os edificios novos, cantas vivendas hai agora en aluguer, ou en venda por exemplo. Entón nós propomos que esas vivendas que sufran unha recarga no tipo impositivo do 50% da cota líquida do imposto, para gravar, para desta maneira facilitar que esas vivendas se coloquen no mercado inmobiliario e que sirvan para reducir o prezo da vivenda, e que sirvan tamén para reducir o prezo do aluguer para as familias, para que a xente teña maior facilidade de acceder a unha vivenda digna, e se non se fai é tamén porque non se quere, porque tamén é legal, o recolle a Lei de facendas locais, do ano 2005, recolle que pode haber recargas municipais, entra dentro da autonomía municipal. A terceira proposta que facemos é que a porcentaxe de bonificación aplicada ás familias numerosas en función do número de fillos sexa, ata tres membros o 4%, xa o recolle a ordenanza, e despois a ordenanza recolle que por tres membros, de catro membros teña unha redución e por cinco ou máis membros teña outra, nós propomos que con máis de tres membros a redución sexa do 5%, que non haxa diferenza entre 4, 5, 6 e máis fillos, vostedes fan esa pequena diferenza, a proba de que a nosa proposta no é ilegal, é que a recolle o Partido Popular, polo tanto se o Partido Popular na súa ordenanza recolle bonificacións, como vai ser ilegal a que propomos nós, que propomos que en lugar catro fillos sexan tres, ¿é ilegal?, non. Estou falando, a ver, si o Partido Popular aproba unha ordenanza, ou quere aprobar unha ordenanza onde se recolle unha bonificación para familias con cinco fillos, como vai ser ilegal a proposta do BNG que recolle unha bonificación para familias con catro fillos, non pode selo, ben o que pasa é que vostedes non queren. Y outra proposta que facemos é que o Concello de Barbadás, aplicará unha bonificación na cota íntegra do imposto en función da renda per cápita dos membros das unidades familiares, e así establecemos, e aquí desde logo nós estaríamos dispostos a negociar isto co resto dos grupos desta Corporación Municipal, porque é simplemente unha proposta non pechada, pero por pór cantidades nas nosas emendas propomos que cando as familias teñan uns ingresos per cápita, entre nove mil e cinco mil euros, a bonificación sexa do 50%, e se teñen uns ingresos per cápita, inferiores a cinco mil euros, a bonificación sexa do 70%, cinco mil euros por cada persoa, membro dunha familia, esta é a razón pola que agora vou falar das propostas do Partido Socialista, eu non sei se as vamos falar todas xuntas ou se despois podemos falar das do Partido Socialista.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira do Partido Socialista

**A sra. Morenza toma a palabra:** Nós estamos practicamente de acordo en todas as alegacións que presenta o Bloque Nacionalista Galego, na da Igrexa tamén, un Concello como o de Amoeiro



governado polo Partido Socialista foi pioneiro en España para que os bens da Igrexa paguen o IBI, entón non temos ningún problema. Respecto ás nosas alegacións, nós temos que dicir que no Grupo Socialista non dubidamos do bo traballo realizado polos técnicos, pero independentemente diso consideramos que existir unha vontade política e de ir máis alá cando a situación económica da cidadanía é moi difícil, todos o sabemos, e cando todas as administracións teñen que apostar pola atención social e a creación de emprego, e díxose que unha das razóns polas que non se aceptaban as alegacións do Partido Socialista, é que eran excesivamente políticas, evidentemente nós somos políticos, non somos técnicos, propoñemos alegacións políticas e as propostas do PSdeG, consideramos, sabémolo, afirmámolo que non están nin fóra da realidade nin da legalidade, unha proba é que unha parte das mesmas están sendo aplicadas en concellos gobernados polo Partido Popular dende hai anos, como é o de Granada, e por agora non teñen sido impugnadas. Hai concellos incluso que aplican bonificacións a inmóbeis alugados a mulleres maltratadas, isto é un exemplo do que se pode facer cunha ordenanza na que se quere ter en conta o aspecto social, volvemos a insistir, e con vontade política de facer, porque somos políticos non somos técnicos. No Grupo Municipal Socialista consideramos que a redución do tipo de gravame do imposto de bens e inmobles tíñase que ter realizado xa hai varios anos, de feito o PSdeG de Barbadás xa solicitou en dúas ocasións por medio de mocións que o PP rexeitou, que se reducira o tipo de gravame ó 4%, en maio do 2008, e en xuño de 2013, pero como ben dicía o compañeiro Fírvida que estamos a sete meses das eleccións. O que propón o Goberno Municipal do PP e con seis anos de atraso, é unha simple redución do tipo de gravame, pero unha ordenanza da importancia que esta ten, é que afecta a toda a cidadanía do Concello debe servir para introducir criterios de xustiza social, volvemos a insistir, e de equidade fiscal, que isto a vostedes parece ser que non o teñen en conta, e nestes tempos de crise parece que non o teñen en conta, pero tamén debe ser útil apostar pola creación de emprego. Nesta ordenanza non se modifican as bonificacións que no Partido Socialista de Barbadás consideramos totalmente insuficientes e que xa o propuxemos incrementar no 2008. A actual situación económica xustifica que as bonificacións se modifiquen substancialmente non unha mera medida electoralista. As bonificacións que se contemplan na ordenanza non responden á realidade actual de crise económica, e teñen que ampliarse ós máis prexudicados pola crise e que contan con escasos ingresos, non se fai, ademais debe fomentar a actividade económica, e vostedes falan de aceptar parcialmente unha proposta feita polo Partido Socialista. O Partido Socialista dicía: permitir o fraccionamento semestral cando o importe total anual supere os cento cincuenta euros, non ten nada que ver co que din vostedes,





vostedes son esixencia tras esixencia, ten que estar domiciliado o recibo, son douscentos euros, nós fixemos unha proposta moi clara. Outra das propostas é que atendendo ó principio de capacidade económica previsto no artigo 3.1 da Lei tributaria, os suxeitos pasivos deste imposto terán unha bonificación do 20% da cota íntegra do tributo, cando os ingresos anuais da unidade familiar non superen a 1,5 veces o salario mínimo interprofesional e que sempre e cando sexa propietario dunha única vivenda, estas son as propostas do Partido Socialista, aplicar unha bonificación do 5% da cota do tributo cando o seu pago se realice mediante domiciliación bancaria, vostedes intentaron facer un batiburrillo, pero non cola. Establecer unha bonificación do 40% da cota íntegra a favor dos inmobles cuxa titularidade sexa unha persoa procedente do desemprego e que tivera iniciado unha actividade empresarial por conta propia, isto é favorecer ó emprego, isto é axudar ás persoas. Outra das alegacións que propón o Partido Socialista é adoptar unha bonificación do 40% a aqueles inmobles no que o titular acredite a creación de emprego no exercicio anterior ó do devengo do tributo, esta bonificación só se manterá nos casos nos que os postos de traballo teñan un período mínimo de contratación dun ano e aumentando o equipo da empresa, e por último eliminar a bonificación do 50% que beneficia ás empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria. Estas son as alegacións do Partido Socialista, vostedes non as están apoiando, está claro, e entón agora non intenten colarnos unha migalla. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, esas son as propostas que fan vostedes, e estas son as que facemos nós, loxicamente a proposta que facemos nós é a do equipo de goberno, indubidablemente aceptamos como dixemos antes unha proposta desde o Partido Socialista que é fraccionar o pago a partir de douscentos euros daquelas persoas que teñan domiciliados os recibos, e o resto pois evidentemente é punto de vista diferente, cada un ten o seu, loxicamente nós temos o noso, temos que seguir evidentemente uns criterios técnicos, e uns criterios políticos tamén é certo, pero tamén hai que dicir unha cousa, ese tipo de impostos en primeiro lugar cando un está na oposición pode dicir o que queira porque non ten repercusión ningunha, pero o que se demostra é que cando gobernan eses que están na oposición eu non vexo esas medidas todas que me expoñen aquí, en ningún Concello no que están gobernando uns coma os outros ningunha, eu non as vexo. En todo caso, o imposto do IBI ten unha connotación concreta que é impostos sobre bens e inmobles, se nós queremos favorecer ás persoas que teñen problemas, desfavorecidos, desempregados, temos outro tipo, a administración local ten outro tipo de medidas a tomar, as que se toma habitualmente, para contemplar eses casos, porque eses casos afortunadamente son puntuais, pero non son estruturais, a persoa que está no paro pode



estar hoxe no paro, e afortunadamente ó mellor dentro dun ano non está, e que ten un tipo de problema este ano, pois ó mellor para o ano non o ten, entón, este tipo de impostos normalmente en tódolos sitios é así, salvo que se fraccione o pago, e fóra diso nós non vamos a aceptar máis modificacións que esa porque entendemos que é a responsabilidade do equipo de goberno o sacar para adiante esta ordenanza, porque tamén o que goberna ten a capacidade de xestionar os recursos públicos que indubidablemente se deixamos de percibir uns ingresos, teremos que deixar de dar unha serie de servizos porque vamos a desequilibrar a balanza de pagos, e nós baixámolo ó máximo que se pode, ó máximo que permite a Lei que é o 0,4, e entendo de que en principio non está nada mal, e é a proposta que trae o Partido Popular.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Xa mudou moito da primeira intervención do señor Alcalde á segunda intervención, antes nos dixeron ou nos querían facer tragar con rodas de muíño, de que non se aprobaba ningunha emenda do Bloque Nacionalista Galego, porque era ilegal, non se podía, agora xa non, agora xa non é ilegal, agora xa é que non hai vontade política, de que vostedes gobernan e fan o que lles peta, teñen maioría e incluso se atreve a dicir que as propostas da oposición total non serven para nada que non se escoitan, en fin, esa é a versión que ten vostede da participación cidadá e da democracia

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non dixen exactamente iso.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Dixo que o da oposición non se escoita, pois tanto ten, aínda que non se escoite, nós vimos aquí a facer o noso traballo político. Fala vostede de que o fai por vontade política, claro evidentemente xa sabemos que é vontade política, xa sabemos que vostede non fixo isto dende o ano 2008 porque non tivo vontade política de reducirlle os impostos ós seus cidadáns, e de seguir gravándoos cos impostos, aínda a sabendas de que este imposto ía aumentar un 300% en dez anos, e vostede era coñecedor diso e non quixo nunca cambiar esa ordenanza, sen embargo agora a sete meses dunhas eleccións municipais acórdase de que algo haberá que vender o ano que ven e entón, pide cambiar o tipo impositivo, e o resto das bonificacións di vostede que non as aplica porque de algo ten que vivir o Concello e ten que cobrar. O Bloque Nacionalista Galego presentou emendas ós orzamentos do Concello de Barbadás en decembro do ano 2013, emendas de máis catrocentos mil euros en modificacións de créditos dunhas partidas que se podían aforrar en outras que se podían gastar en máis de catrocentos mil euros, vostedes non aprobaron nin unha sola de aquelas emendas. Naquelas emendas ía a bonificación do tipo impositivo do IBI, ía cobrarlle o IBI á igrexa católica, ía cobrarlle impostos á grande banca que traballa no noso Concello, ía aproveitar o remanente de



tesourería en fins sociais e vostedes non fixeron nada de aquilo, entón agora non nos veña cun discurso de que vostede isto o fai polo ben da xente, porque cobrando o IBI poden prestar servizos sociais. Despois imos discutir sobre o Centro de Saúde, moción que trouxo o Bloque Nacionalista Galego hai tres meses a este Pleno, podemos discutir do Centro de día, que xa pasou ó esquecemento, xa diso nunca máis se volveu a falar en este Pleno, podíamos falar da segunda gardería que podía contar este Concello para ofrecer ás nais e ós pais deste Concello, pero tampouco se volveu falar nunca máis na vida daquela segunda gardería que non se fixo por desidia do Grupo do Partido Popular, porque había unha proposta do Estado Español para facer esa segunda gardería, e vostedes non quixeron facela, e como iso podíamos falar de moitas outras cousas que teñen vido a este Pleno, entón non nos veña a nós con discursos de que isto ten que ser así. Fala de que o paro, claro se podía aprobar o do paro, pero claro o paro é conxuntural non é estrutural, eu non sei se vostede ven as estatísticas que existen no Estado Español ultimamente, pero o paro está empezando a ser un problema estrutural na sociedade española e galega, hai un 26% de cidadáns que están no paro, hai un 12% de familias que non ten ningún tipo de ingreso, hai máis de dous millóns e medio de familias que non perciben ingresos, hai moitos xa non sei cantos millóns de persoas que xa non reciben ningún tipo de prestación social, e se atreve vostede a dicir aquí diante de todos que é un problema puntual, pero vostede por onde pasea, sabe cal é o seu problema, que só pasea polo medio de Sanxenxo, e que ese é o seu problema, vostede paseou algún día pola Valenzá, foi algún día ó Froiz a comprar, a vostedes a que non o paran polas rúas dicíndolle téñolle a familia no paro, estou no paro, se sabes algo dimo, eu supoño que aquí virán, porque o sei, moitas persoas a pedir favores de vostedes para que lles atopen un posto de traballo, porque sabe a xente que vostede é un conseguidor de postos de traballo, si, si que se sabe, é vox populi en todo Barbadás de que son conseguidores, e eu imaxino que aquí ten que haber colas de xente pedindo traballo, porque as hai en todos os sitios, como para agora dicir que é algo estrutural. Non, non rematei, porque aínda quero falar das emendas, tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista, entón non nos veña a dicir que isto é algo pasaxeiro, que total que importancia ten, que máis da que che cobren por un piso trescentos setenta euros de IBI por exemplo na Valenzá, claro da igual, da igual cando tes quince pisos, catorce baleiros para especular polo Concello, nas torres, no edificio fronte o Carrefour, baixos comerciais, onde hai bancos, onde hai supermercados, onde hai oficinas municipais, empresas concesionarias, entón si que nos dá igual pagar eses trescentos setenta euros, claro, cando se teñen propiedades en Matosinhos, cando se teñen pisos alugados en Barbadás, dá igual cando se teñen ingresos de setecentos mil euros, cando se



defrauda douscentos corenta mil euros dá igual, non pagar ou pagar trescentos setenta e un euros de IBI dá igual, sabe a quen non lle dá igual a unha familia que teña dous nenos e empeza o curso escolar que sae en máis de cincocentos, seiscentos euros por neno, poder darlle todos os libros de texto e todo o material escolar, e ó mellor estar no paro, iso non dá igual.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vaia alixeirando

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Non, non porque vostede nos di cousas claro, que encima temos que escoitar. Entón, o Bloque Nacionalista Galego, dígame vostede que non, pois non, porque non queren, pero non porque sexan ilegais segue mantendo igrexa católica, alén do que está recollido no convenio entre da Santa Sede, e que ademais está recollido nos orzamentos do Estado Español, polo cal non se podería volver atrás, diso habería que falar, centros de culto non, pero propiedades para vivendas, propiedades que non sexan centros de culto si, a igrexa católica debe pagar contribución igual que o resto dos veciños, o Partido Socialista pode dicir que lles parece moi ben, pero nas súas emendas non está recollido, inmobles de uso residencial que se atopen desocupados, gravame na cota líquida do imposto do 50%, redución para familias numerosas con máis de tres membros do 50%, e bonificacións en función da renda per cápita, proposta que facemos dende o Bloque Nacionalista Galego, non as reducións que propón o Partido Socialista, e vou a explicar por que non, porque nós entendemos que se recolla, que cando a unidade familiar ten uns ingresos que non superen 1,5% o salario mínimo interprofesional, a ver 1,5 veces o salario mínimo interprofesional estamos de acordo, habería que falar de rendas per cápita, porque non é igual ter quince mil euros de ingresos nunha familia dun membro, de dous membros, que de cinco membros, polo tanto o Bloque Nacionalista Galego, fala de ingresos per cápita, porque non é igual unha vivenda onde viva unha soa persoa con quince mil, dezaioito mil euros de ingresos, que unha familia que con quince mil euros de ingresos, teña que manter a catro, cinco persoas, é moi diferente, polo tanto nós entendemos que sempre habería que ir a falar de ingresos per cápita. Aplicar unha bonificación do 5% do tributo, cando se realiza a domiciliación bancaria, estamos de acordo. Establecer unha bonificación do 40% da cota íntegra a favor de inmobles cuxo titular sexa unha persoa procedente do desemprego, tamén nos gustaría referirnos a ingresos per cápita, porque pode ser que unha persoa veña do desemprego e que estea cobrando o tipo máximo, por cota de desemprego, que é 2,5 veces o salario mínimo interprofesional, e despois atopar un traballo poñamos por caso, ben remunerado, polo tanto nós nos referimos sempre a ingresos per cápita anuais, porque unha persoa pode estar no desemprego tres, catro meses durante este ano, e sen embargo ter uns ingresos o resto do ano de trinta, corenta mil euros, e iso non sería



unha razón suficiente para aplicar unha bonificación, sempre teríamos en conta os ingresos anuais e per cápita, e despois permitir o fraccionamento, estamos de acordo, en dous pagos, e eliminar a bonificación do 50% dos ingresos das empresas de urbanización e construción, o Bloque Nacionalista Galego entende en base ó artigo 71 da Lei de facendas locais, que obriga a aplicar esta bonificación a todos os Concellos, porque a mesma Lei di que se non se aplica o 50% da bonificación aplicaríase o tipo máximo permitido que sería do 90%, e nós estamos de acordo co 50%, iso si matizando unha cuestión que a min non me quedou nada clara ao ler esta ordenanza, e gustárame que o señor Alcalde ou alguén puidésena explicar. Esa bonificación ten uns condicionantes na Lei das facendas locais que é, que só se pode aplicar por empresas construtoras que o soliciten, e durante o período de construción, sempre antes de que pase a formar parte do inmovilizado da empresa, e en todo caso como límite tres anos, todo iso que acabo de dicir, non se recolle na ordenanza, e si se recolle na Lei, entón eu quero, pido, que se recolla tamén na ordenanza esas condicións, porque non vaia a ser que aquí unha obra en lugar de tres anos, dure sete, ou que en lugar de pasar a formar parte do inmovilizado, quede no esquecemento e sigamos tendo aí, como ben especulativo, de alguén que se quere, e ata que, mira mentres se vende e non se vende, vamos pagando e vamos tirando, entón, eu quero que se nos diga se vai a ser como marca a lexislación, e se é como marca a lexislación, pois é así que lle imos facer. Polo tanto, nós defendemos as nosas emendas, e nas do Partido Socialista estaríamos de acordo en aqueles puntos que dixen, e me abstería en esas nas que fala de cantidades sen referirse a rendas per cápita, e en cómputo anual, polas circunstancias que pode haber. Hai unha bonificación que propón o Partido Socialista que é por creación de emprego, habería que matizar tamén unha cousa, para o ben de uso industrial, porque segundo como se le na emenda do Partido Socialista, non queda claro para que tipo de bens, e eu imaxino que un empresario que teña un chalé, poñamos por caso en Loiro ou en Bentraces, non debe ter unha bonificación do 50% do IBI do seu chalé, porque cree postos de traballo nunha empresa que está en San Cibrao das Viñas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Nós respectando a postura que ten o Bloque Nacionalista Galego evidentemente nós seguemos mantendo as nosas alegacións, porque senón isto sería alegacións ás alegacións das alegacións, entón se é por unha cuestión operativa seguémolas mantendo, non podemos estar agora debatendo este tema. O que lle quería deixar claro ó señor Alcalde, é que o Partido Socialista sempre foi pioneiro, e vólvo a repetir, en políticas sociais, non me veña agora dicindo que isto se pode facer por outras vías, e pódese facer por estas e por outras, do que se trata e de gobernar e



de axudar ás persoas que o necesitan, e teña en conta tamén señor Freire, que o Partido Popular goberna en Granada e ten moitas bonificacións das que propoñemos aquí, e teña en conta tamén que a decisión é súa, é política, porque como dixen antes se as alegacións son políticas, vostede non as acepta é porque non quere, porque se acepta unha parte, ou un batiburrillo que fixo aí, con varias das alegacións do Partido Socialista, é porque ve as consecuencias positivas que isto pode traer para as familias, porque senón non aceptaría iso, ou quere vendelo como un instrumento electoral a costa do Partido Socialista, porque estas alegacións fixoas o Partido Socialista. Fraccionar o pago, por que non o fixeron antes, agora faio o Partido Socialista, e agora si, agora que se acercan as eleccións, agora si, agora aceptámoslle, pero isto propúxoo o Partido Socialista e propono case sempre en todas as alegacións que presentamos, fraccionar os pagos, e esixir domiciliación bancaria, isto agora decídeo o señor Alcalde para vender a moto, é un vende motos vostede. Non teño nada máis que dicir.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, vamos a ver con relación á pregunta que facía o voceiro do BNG, dicirlle varias cousas, en primeiro lugar que está na Lei, a Lei prevalece sobre o que está na ordenanza, punto primeiro. Punto segundo, os promotores ou construtoras están exentas precisamente dese imposto cualificado, mentres non está dado o fin de obra do que é o edificio, unha vez que ten o fin de obra, unha vez que todo o mundo paga os recibos de IBI, ten que pagalo pois o propietario das vivendas, aínda que non as venda, e dicir tamén, que eu creo que todo o mundo que fai vivendas, os promotores o que queren é vendelas iso que quede claro, se non as venden e porque non teñen quen as compren, porque a idea deles non é quedarse con elas, senón vendelas, entón sen prexuízo de que se quere alguén aclarar algo máis a Interventora ou a Secretaria, ou se lle quedou claro iso, ou senón lle quedou, é que non queda outra alternativa, a Lei prevalece sobre a ordenanza. Ben en todo caso imos a someter entón a votación as alegacións do BNG por un lado, e as do PSOE por outro xa que non son coincidentes. Votos a favor das alegacións do BNG. Votos a favor das alegacións do PSOE, BNG abstención, PP en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitadas cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Rexeitamento das alegacións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego á Modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles, urbanos, rústicos e de características especiais.”**

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitadas cos votos en contra do Partido Popular e as abstencións do BNG e os votos a favor do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Rexeitamento das**



alegacións presentadas polo PSdeG-PSOE á Modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles, urbanos, rústicos e de características especiais.”

### **5- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, URBANOS, RÚSTICOS E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto quinto que é a aprobación definitiva da modificación da ordenanza loxicamente, que é a consecuencia da anterior evidentemente.

Tense en conta que o Alcalde en representación do Grupo de Goberno mantén a proposta de enmendar o texto da ordenanza no sentido de que se recolla o fraccionamento do pago do imposto cando a cota sexa igual ou superior a douscentos euros, mediante a emisión de dous recibos anuais, e sendo como requisito imprescindible para levar a cabo este fraccionamento que os recibos estean domiciliados, o cal faise constar por esta Secretaría aos efectos oportunos. Os grupos de goberno oposición manifesta o seu conformidade con esta medida.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP, os votos en contra do BNG e as abstencións do PSdeG-PSOE, o seguinte acordo: “ **Aprobación definitiva da Modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles, urbanos, rústicos e de características especiais, modificando o texto da ordenanza no sentido seguinte fraccionamento do pago do imposto cando a cota sexa igual ou superior a douscentos euros mediante a emisión de dous recibos anuais, e sendo como requisito imprescindible para levar a cabo este fraccionamento que os recibos estean domiciliados.**”

### **6- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE SE SOLUCIONEN AS DEFICIENCIAS QUE AÍNDA SEGUE PRESENTANDO A RÚA TOMÁS RODRÍGUEZ PUNXÍN.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto seis que é unha moción do Partido Socialista para que se solucionen as deficiencias que aínda existen na rúa Tomás Rodríguez Punxín, ten a palabra a súa voceira.

**A sra. Presas toma a palabra (PSdeG-PSOE):** A Rúa Tomás Rodríguez Punxín é unha das rúas máis emblemáticas da Valenzá e o seu arranxo hai uns meses era unha débeda histórica que tiñan os gobernantes locais do Partido Popular. Nós desde o Grupo Municipal Socialista vimos reclamando o arranxo desde o 2008 preto de cinco anos. Sen embargo, as prioridades do Grupo de Goberno sempre



foron outras, desatendendo deste xeito continuamente as inquiredanzas da veciñanza para mellorar así o estado do viario. Desta rúa hai que destacar a intensidade de tráfico que soporta debido á súa proximidade co Filomena Dato, coa Gardería Municipal, Policía Local ou Asociación Fonval. Tranquilamente unhas catrocentas sen esaxerar, cincocentas persoas camiñan por este viario a diario, e destacar que a maioría son nenos e nenas en idade escolar ou persoas maiores, de aí a importancia que se emenden canto antes as deficiencias que presentan. Dende o Grupo Municipal Socialista seguimos a insistir no paso de peóns que se atopa na saída dun dos garaxes desta rúa, xa levamos así uns cantos anos sen rebaixe por certo dun dos lados, nós consideramos que esta non é a mellor situación para un paso de peóns que cruzan a diario nenos e nenas, xa no seu día o señor Alcalde estaba de acordo con eliminar de aí este paso de peóns. Existen tamén tres pasos de peóns en toda a rúa e ningún conta con rebaixe dos dous lados, é ben certo que fai pouco se melloraron as marxes dos viarios, pero non se rematou un tramo de beirarrúa á altura aproximadamente do número 22. Dende o Grupo Municipal Socialista de Barbadás queremos incidir sobre a seguridade viaria sobre todo, así como na supresión de tódalas barreiras arquitectónicas do viario, é imposible transitalo en cadeira de rodas, e complicado cun carriño de bebés, engadir para ir rematando que como xa solicitamos en outras ocasións sería conveniente aumentar o número de papeleiras, soamente hai unha en toda o viario, e instalar colectores de recollida selectiva de lixo, que xa o pedimos vinte veces tamén. Destacar tamén, a intensidade lumínica, a escasa intensidade lumínica da zona, que practicamente, así que é noite pecha non se ve. Os nosos acordos serían: Que se remate o tramo de beirarrúa que está a altura do N° 22, que se elimine o paso de peóns á saída dun garaxe canto antes, que se poñan pasos de peóns elevados para mellorar a seguridade viaria na zona, que se supriman as barreiras arquitectónicas nos pasos de peóns que existen ó longo do viario e no entronque coa rúa Garrida, sinalización axeitada dos pasos de peóns, que se aumente o número de papeleiras e se instalen colectores de recollida selectiva de lixo, e que se mellore a intensidade lumínica da zona.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben ten a palabra o voceiro do BNG

**O sr. Núñez toma a palabra (BNG):** Desde este Grupo Político, temos que lembrar aquí que, penso que sería cuestión de revisar tamén as hemerotecas, pero a principio de lexislatura, o BNG trouxo a este Pleno unha moción acompañada de ducias de sinaturas da veciñanza desta rúa, na que se solicitaban unha serie de melloras tamén para a rúa Tomás Rodríguez Punxín, esta moción lembro que foi aprobada por unanimidade, pero non se efectivizaron todos os acordos que nela se contiñan, xa que a reforma efectivamente fixo o Partido Popular a cargo dun Plan Provincial da Deputación, consistiu





simplemente en facer unhas beirarrúas en determinados treitos da rúa que non as tiñan. Si ben é certo que tamén se colocou por esas datas, que coincidiu tamén ca presentación da nosa moción, e ca sinatura dos veciños, unha rdv, unha redución de velocidade no alto da rúa, que nós entendemos efectivamente que é un sen sentido, porque colocar unha redución de velocidade no alto dunha rúa, cando os vehículos veñen dun cruce, pois non ten sentido porque non teñen velocidade, onde teñen velocidade é ó longo da rúa onde hai que reducir esta velocidade non no alto que non a teñen. Lembramos que efectivamente como di a compañeira do PSOE, nós naquela proposta, naquela moción tamén o dicíamos, que era unha proximidade a un centro de ensino, o Filomena Dato, a Fonval, a determinados negocios que por aquel entón, non tiñan, tiñan terra, non “pagaban impostos”, pagaban impostos, pero tiñan terra na porta, porque non tiñan nin beirarrúa nin tiñan nada, isto foi a mellora que fixo o PP, é dicir, transitada por rapaces, por moitos rapaces deste colexios, por moita xente maior, e que efectivamente non tiñan as condicións acaídas. Naquela moción o Bloque pedíamos entre outras propostas, pois un paso elevado de peóns para reducir a velocidade dos vehículos, e favorecer un tránsito peonil, isto non se fixo, seguen pintados os que había pero non hai nada máis, é dicir, aínda que se aprobou en Pleno; unha regulación dos estacionamentos, ¿ula regulación?, non hai nada, é dicir, está como estaba, cada un estaciona como lle parece; melloras lumínicas na zona, efectivamente segue habendo farois que seguen pois unhas sen carcasa, que o temos denunciado aquí, outras pois con luz máis menos branco, outras con luz máis menos non sei que, é dicir, hai a comparsa dos cores, non hai unha correcta iluminación no lugar, de acordo. Tamén teño que lembrar que efectivamente pois fronte o número sete desta rúa Tomás Rodríguez Punxín segue habendo unha arqueta sen tapa, que temos denunciado aquí de palabra, e temos proposta que se mellore de palabra e por escrito e segue sen facerse, leva meses así, ata que algún cativo meta, calquera caia alí e parta os dentes. E lembrar tamén que no fondo desta rúa, desde a travesía de Vilaescusa ata a rampla Canella, pois o BNG presentou algún escrito, algunha petición xa no seu momento, para solicitar un dobre sentido de circulación, que son quince, vinte metros e que efectivamente permitirá que os veciños do lugar que teñen garaxes na zona, pois puideran baixar pola travesía de Vilaescusa cara a rúa 17 de maio, e non saír cara Lameiro do Mato, é dicir, favorecer en todo caso, e son quince, vinte metros, non é máis, e é algo que tamén pois propoñen os veciños. En definitiva nós estamos a favor, vamos votar a favor da moción que presenta o PSOE.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois nós imos votar en contra, imos votar en contra por unha razón moi sinxela: en primeiro lugar, xa se fixo a primeira parte da obra, executouse aí un Plan Provincial,



segundo lugar: saben que na modificación puntual do orzamento, se fixo unha partida para emendar unha serie de deficiencias, entre elas o pintado, e barreiras arquitectónicas, e outras cousas, e que hasta o día 20 deste mes non entra en vigor, e unha vez que entre en vigor se poderán tomar nota de parte desas deficiencias, e intentar emendalas, demos tempo ó tempo, o trámite está aí, a partir do vinte se poderán executar ese orzamento de cen mil euros que hai para as distintas cousas, e algunhas destas pois loxicamente se van a recoller, entón entendemos que non procede neste momento aprobar unha moción cando está en trámite a solución do problema.

**A sra. Presas toma a palabra:** A nós xa non nos sorprende que diga si vai votar en contra a favor, porque si votan a favor, como votaron hai anos non se cumpren os acordos, si vota en contra é porque están niso coma sempre, despois a cousa é que non se fai, lévase cinco anos para arranxar a rúa e está sen arranxar, leva cinco anos un paso de peóns nun paso dun garaxe ata que haxa un atropelo, seica dixo na Comisión que que sorte o dono que non teña que pagar o vado,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Que eu saiba non dixeran nada diso

**A sra. Presas toma a palabra:** Si, que está está aquí a miña compañeira que dixo que, que sorte que tendo un, pois o Tenente Alcalde, que non teña que pagar o vado, si que o paga, ó mellor hai que mirar que deixe que pagalo porque igual é un gasto inútil, tendo un paso de peóns. Nós nada máis, dicir que, a ver si é certo que están niso que van facer as cousas, e que se quite cando antes o paso de peóns a saída dun garaxe, antes de que haxa unha desgraza.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Nós volver un pouco sobre o mesmo, é dicir, aquí tróuxose unha moción no seu momento que trouxo o BNG, aprobouse por unanimidade, e despois lévanse adiante os acordos que o Partido Popular lle parece, cando e como lle parece, é dicir, que dá exactamente igual o que se aproba en Pleno, vostedes se pasan a democracia e se pasan os acordos Plenarios, pois por nada, fan absolutamente o que lle dá a gana. Dicir que agora veñen que traen cen mil euros aí para todo, non sei, nós en todo caso, na nosa moción viñan un paso elevado de peóns, viñan unha serie de cuestión que efectivamente seguen sen materializarse, e seguirán se materializarse porque non teñen de feito previsto facelo, máis que colocar pois iso unha redución de velocidade nun alto dunha rúa, para cando os coches veñen a vinte, e cando van a sesenta pois que me partan, e que partan as pernas ao que veña polo medio, pois esa é a súa filosofía.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois votos a favor entón da moción, votos en contra. Queda rexeitada cos votos do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos en contra do Partido Popular e



os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Rexeitamento da Moción do PSdeG-PSOE para que se solucionen as deficiencias que aínda segue presentando a rúa Tomás Rodríguez Punxín”**

### **7- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA A LICITACIÓN INMEDIATA DO NOVO CENTRO DE SAÚDE E CO COMEZO DAS OBRAS.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á seguinte moción que é do Partido Socialista tamén, para instar á Xunta de Galicia á licitación do Centro de saúde de Barbadás, ten a palabra a súa voceira.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Todos sabemos que Michael Ende é o autor dunha novela de título “A historia interminable”. Unha gran obra literaria, por certo, de gran éxito na que se confunden a realidade e fantasía. O Sr. Freire podería escribir un relato co mesmo título sobre a historia do Centro de Saúde da Valenzá. Pero aquí habería que falar dun gran fiasco. Fiasco caracterizado polas fantasías publicitarias do Sr. Freire, poderíase titular a película, e do seu goberno que se dan de bruces cunha realidade que golpea todos os días á veciñanza de Barbadás en forma de embustes. Esta historia interminable está chea de enganos e de múltiples incumprimentos dos compromisos asumidos e publicitados polo propio Alcalde de Barbadás, pola propia Deputación Provincial, pola Xunta de Galicia. As obras tiñan que terse iniciado antes de finais do ano 2010, segundo un anuncio publicado en prensa no seu momento e sufragado cos impostos de toda a veciñanza. Posteriormente o Sr. Alcalde anunciou que as obras se iniciarían antes de rematar maio de 2011, claro estábamos en eleccións. Un anuncio que resultou ser totalmente electoralista xa que coincidía en plena campaña das pasadas eleccións municipais e que novamente foi incumprido. No Grupo Municipal Socialista afirmamos contundentemente que todos estes anuncios eran falsos, o Alcalde sabíao ben cando os facía, eran interesados, eran carentes de fundamento, eran mentira señor Freire. O tempo pasa e finalmente no verán de 2012 faise a presentación do proxecto do Centro de Saúde, unha magnífica presentación. Unha presentación que se fixo unha semana antes de iniciarse unha nova campaña electoral de xeito que o Partido Socialista denunciou que non se trataba máis que dunha nova artimaña electoral, que niso é vostede experto. No Pleno celebrado no pasado mes de marzo, a raíz dunha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, o Sr. Alcalde indicou que existía un compromiso en firme da Consellería de Sanidade para licitar as obras antes de xuño do ano en curso, estábamos en marzo, estamos en setembro. Dado que a licitación non se levou a cabo nas datas sinaladas no Grupo Socialista sospeitamos que existía un novo incumprimento tal como se confirmou



posteriormente. Agora resulta que probablemente a licitación se fará a finais do verano ou principios do outono, novas mentiras, novos compromisos incumpridos. Pero como recoñece o propio Alcalde, nas respostas ás preguntas presentadas no mes de xullo polo Partido Socialista, oficialmente di o Alcalde, non existe comunicación. A cidadanía de Barbadás volve a ter que fiarse das palabras de dirixentes que levan sistematicamente incumprindo os seus compromisos. Neste importante asunto señor Alcalde engádelle vostede o menosprezo á veciñanza a carga da mentira sistemática, como dixemos antes. Pero a interminable historia do novo Centro de Saúde ven de moito tempo atrás e, por suposto, ten uns responsables, o Sr. Freire e o seu equipo. Os responsables municipais do Partido Popular nunca pensaron en entregar ó Goberno da Xunta uns terreos axeitados, senón non lle entregarían uns terreos no alto dun pericouto señor Alcalde. Os terreos para esta dotación sempre estiveron condicionados pola especulación urbanística que sofre o noso Concello, as mellores ubicacións son para a construción de vivendas, e as fincas peor ubicadas para dotacións. A desidia, a demagogia, os diversos incumprimentos e unha xestión ineficaz provocaron xa un atraso de case 10 anos, unha década señor Alcalde, cando o crecemento poboacional de Barbadás facían máis imprescindible ca nunca a urxente construción dun Centro médico. O señor Feijóo falta á verdade cando se proclama o iniciador da austeridade e dos recortes, falta á verdade xa que o auténtico precursor foi vostede señor Freire, o amo dos recortes, e tódolos gobernos do Partido Popular de Barbadás, xa que sempre se recortaron as dotacións básicas no seu propio Concello, e ós feitos me remito, ofrecen á Consellería de Sanidade uns terreos que eran insuficientes e de mala calidade, moi mal ubicados para a construción dun Centro de Saúde, postergando así o inicio das obras anos e anos, atrasan a construción dun Polideportivo máis de dez anos, e aínda seguen sen inaugurar e funcionando en precario e a medio gas. E que dicir do instituto, ou do Centro de día, do que falaba Fírvida, ou da mellora das piscinas públicas, sempre é a mesma retahíla, esta retahíla señor Alcalde non lle gusta, pero é que é vostede o amo e señor desta retahíla de incumprimentos, desta falta de dotacións para os veciños de Barbadás, é vostede o incumpridor. Todas estas cuestións afectan claramente á calidade de vida da veciñanza, e ían incluídas nos sucesivos programas electorais, e foron sucesivamente incumpridos, o Centro de día é a dotación estrela incumprida. Estes feitos falan por si mesmos da incompetencia na xestión Municipal do señor Alcalde e do seu equipo, e por suposto tamén son indicativos da falta de implicación en solventar as carencias máis importantes do noso Concello no que se destaca de sobre maneira a sanidade, está comprobado. Semella que o seu Goberno non ten capacidade de presión diante da Xunta de Galicia, vostede foi malo nunha ocasión saíu a falar en



nome dos alcaldes descontentos de toda a provincia e agora estámolo pagando todos. En definitiva son os veciños e veciñas de Barbadás os que finalmente pagan as consecuencias de ter un alcalde con nula credibilidade institucional, e nulo apoio por parte do seu propio partido e menos agora que xa anunciou que se vai e ademais está imputado nunha causa xudicial. Temos a fortuna, ou tal vez o infortunio de vivir ó carón da capitalidade da provincia, e digo fortuna xa que é a capital a que en moitos casos suple, ten que suplir todas as nosas carencias en dotacións, e digo infortunio dado que así os gobernantes do Partido Popular non queren ser conscientes da pobreza de Barbadás, en canto a dotacións públicas, presume de superávit, pero non temos dotacións públicas, claro é que así é moi fácil xestionar o diñeiro público, non dando servizos, consecuencias, moitos e moitos residentes en Barbadás empadróanse en Ourense para beneficiarse das súas infraestruturas, dotacións e servizos, desfavorecendo deste xeito o noso Concello. Señor Freire, temos case a total certeza de que vostede e o seu grupo van votar a favor desta moción, temos entendido, esperaremos ata o último momento, sorpresa. Como xa fixeron noutras ocasións e co posterior incumprimento da súa parte, votar a favor, votar en contra elle o mesmo, senón o van cumprir, se votan a favor non o van cumprir, e se votan en contra tampouco, con políticos coma vostede señor Freire que prometen unha cousa e fan outra, non me estraña que a cidadanía nos mire mal ós políticos, non é estraño, vostede é o vivo exemplo dos políticos que tanto dano fan á democracia. En suma a proposta do Partido Socialista é moi clara é un punto, xa nós non imos a entrar en detalles de novos incumprimentos, porque xa sabemos que o vai a incumprir: o Concello de Barbadás insta á Xunta de Galicia a licitar e iniciar as obras do Centro de Saúde da Valenzá de xeito inmediato. Presione señor Alcalde, loite polo seu Concello, consiga que o Centro de saúde comece a licitarse polo menos, e que non está nin licitado señor Alcalde, cando imos ter Centro de saúde, viviremos para disfrutalo, vostede e eu, ó mellor non.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro do BNG.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Ben como a moción é do Partido Socialista, vamos a respectar os tempos de intervencións, ademais a compañeira explicou perfectamente todo o que está acontecendo co Centro de saúde de Barbadás. No mes de marzo, como dicía a compañeira, o Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción practicamente igual que esta, era o mesmo, exactamente o mesmo, tivemos o mesmo debate, dixemos as mesmas cousas, e polo tanto eu xa estou farto de vir a este Pleno a repetir, unha, dúas, tres, quince veces, sempre as mesmas cousas e a realidade e que nunca se fai nada ben, e a realidade é que vostede señor Freire Couto, é un caloteiro, esa é simple e llanamente a realidade deste Concello, vostede vive de enganar ós veciños deste Concello, xa o explicou a nosa



compañeira do Partido Socialista. Vostede vive de que cando, por certo dicías dez anos ¿non?, doce anos, porque no ano 2002 había un letreiro inmenso colocado na rúa das Burgas que anunciaba a próxima construción do Centro de Saúde naquel solar, no ano 2002 estaba aquel letreiro, o letreiro desapareceu, movéronse as terras tres ou catro veces, desterrouse, sacouse a terra, volveuse levar para alí, e agora aquilo é un foco de piollos e de pulgas, porque van todos os cans da Valenzá alí, a facer as súas necesidades, aquilo converteuse nun parque para cans do Concello que van alí, e por certo hai ratas e hai pulgas, pero aquilo como está a monte xa pasou ó esquecemento do Concello, como tantas outras cousas que lembrabas ti. En marzo xa dixo o señor Alcalde o que vai dicir agora, e lémbrome naquela altura, que non sei quen de nós, creo que era Ánxela que lle preguntou directamente, cando se vai facer, e a resposta: foi non o sei, non teño datas. Sen embargo como lembraches ti, sete ou oito semanas antes das eleccións municipais, estando todas as persoas maiores do noso Concello en Fonval, foi o señor Alcalde e outros membros desta Casa a recoller a todas aquelas persoas como se fosen gando, carretadas todas para a Casa da Cultura, alí sentalas todas nunhas cadeiras, e chega a señora Eloína Núñez e lles pon un power point, onde se construía o marabilloso Centro de Saúde de Barbadás, marabilloso, marabilloso, sete ou oito semanas antes das eleccións autonómicas, e fíoi así carretando persoas maiores, que hai que ser moi indigno para facer iso coa xente maior, carretar a mitins do Partido Popular, porque aquilo era un mitin, e ademais mentíndolles, enganándolles e eran vostedes conscientes de que se lles estaba enganando. Ano 2008, novembro de 2008, hai unha manifestación na Avenida de Celanova con megafonía incluída, pero curiosamente aquel mesmo día aparece nun periódico local, un anuncio, onde se anuncia a próxima construción do Centro de Saúde de Barbadás, e por aquel anuncio chega o señor Tenente de Alcalde, colle o micro e di: por que vos manifestades, se hoxe aparece na Región, que xa se vai construír, e din as persoas: pois tes razón, se xa o pon na Región, vámonos para casa, morreu aquela mobilización, e así sucesivamente, e esta é a historia deste Grupo de Goberno. Hai unha cousa na que eu tamén concordo, o señor Freire Couto foi un escudeiro fiel de Baltar, mentres lle serviu para os seus intereses económicos, tamén se aproveitou el, desa unión co señor Baltar, e entón como fiel escudeiro mandouse un speech un día na Casa da Cultura turrándolle das orellas ó señor Feijóo, e agora esas consecuencias as estamos pagando todos os veciños do noso Concello, porque na Xunta de Galicia esqueceronse absolutamente de Barbadás, por culpa de Freire Couto, alén de que hoxe xa pasa a ser unha persoa, non me atrevo a usar unha adxectivo insultante, dentro do propio Partido Popular derivados das súas imputacións derivado de negocios urbanísticos, polo tanto, instituto, ano 2009 visita do Conselleiro, colocación da primeira



pedra, en febreiro do ano 2010, onde está a primeira pedra do instituto, digo eu, onde vai, onde está, alguén sabe onde está a primeira pedra do instituto, non o sabemos. Barbadás o único concello de Galiza con máis de catro mil cincocentos habitantes, vamos polos catorce mil ¿verdade?, reais, once mil censado, e os que están sen censar, e sen unha sola praza de ensino secundario no noso Concello, pero iso non importa, iso dá igual o que importa é cobrar o IBI, iso si, o resto que máis dá, e así estaremos ano 2002, ano 2014, e así seguiremos sinedie, non hai vontade política de facer nada neste Concello. Estamos nun Concello politicamente morto para a Consellería, para todas as Consellerías e para a Xunta de Galicia. Barbadás non existe no plano político do Partido Popular, o señor Freire Couto é un cadáver político, xa o declarou el mesmo, non se vai volver presentar, e polo tanto non hai ningún interese en facer ningún tipo de infraestrutura pública nin de mellora para os nosos cidadáns, nin sequera axudas se reciben, e iso é tristemente, marzo nos dixo que non había data de licitación, e hoxe volvémoslle a preguntar, diga unha data señor Freire Couto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, despois de tanta retahíla e tantos piropos que me botaron, dicirlle en primeiro lugar como ben saben a responsabilidade de facer o centro non é do Concello, non é do señor Freire Couto, senón que é da Xunta de Galicia, e nós reiteradamente témolo solicitado, témoslle tódolos terreos postos a disposición, se nos dixo recentemente que están facendo outra modificación do proxecto e que ese é o motivo da tardanza, cando se vai a empezar, nós esperamos que se poña en marcha canto antes indubidablemente, somos os primeiros interesados tanto coma vostedes, entón nós imos apoiar a moción, ímoslla trasladar por suposto á Xunta de Galicia, e esperemos que o fagan canto antes, iso é o que lles podó dicir, nada máis.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Nós queremos lembrar as palabras que o señor Alcalde díxome no mes de marzo: “en todo caso se me dixo, porque eu non son quen para garantir nada”, porque vostede non é nada dentro do Partido, ségueo dicindo que vostede non é nada dentro do Partido Popular, é Deputado Provincial, vostede é Alcalde dun dos Concello máis importantes da provincia de Ourense, pero non é quen para garantir nada nin para, nin para esixir nada en nome dos veciños de Barbadás.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Para esixir si, para garantir non.

**A sra. Morenza toma a palabra:** E o está facendo, está esixindo en nome dos veciños de Barbadás, pois se o esixe presume de facelo, porque di “eu non son quen de garantir nada”, terá que garantilo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Podo presumir de esixilo, non podo presumir de garantilo, como é lóxico.



**A sra. Morenza toma a palabra:** E tamén di que é competencia municipal, é que no primeiro semestre é que a idea estea adxudicado, e posto en marcha polo menos os inicios do Centro de Saúde

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Porque foi o que se nos dixo.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Por favor, está mentindo, segue o Pleno e agora compróbase que é mentira, por que nós puxemos os terreos a disposición, non, non os puxeron, vostedes puxeron unha mínima parte dos terreos a disposición, e despois foi preciso poñer máis terreos a disposición, o que se produciu unha dilación.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A día de hoxe están todos postos, non é ese o problema

**A sra. Morenza toma a palabra:** Xa, ó día de hoxe, pero estamos falando de doce anos, señor Alcalde, vostede puxo unha mínima porción de terreos, despois tivo que poñer outra mínima porción, despois houbo que poñer un millón de euros, para facer a escavación, e todo foi subindo, e subindo e subindo, e en todo isto fúmonos metendo na crise económica, e agora será a escusa toda a crise económica, por iso a xestión do Centro non se sabe como se vai construír, non se sabe como se vai licitar, se o vai facer unha empresa, se o vai facer..., entende, todo isto foi negligencia, que vostede tiña a obriga de poñer os terreos a disposición.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Levan postos anos.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non os terreos que eran necesarios, e non era o lugar axeitado como xa temos dito en reiteradas ocasións. E despois tamén nese que hai algúns son prioritarios algún deles, dicía vostede no mes de marzo, hai centros de saúde que son prioritarios, e o de Barbadás é un deles, e vanse sacar no primeiro semestre, unhas cousas nos dixo en marzo que nós xa quedamos tranquilos, xa dixemos estreamos o Centro de saúde, polo menos os nosos fillos, nós o mellor xa non, ó mellor vostede xa non o estrea, e dixo, e logo cando fala de dar as palabras, e de compromisos, é porque vostede é un político, aquí está adquirindo compromiso, di: si, si, dous sis; si, si, a vostede xa se lle coñece como o sisi, xa dende hai anos, o sisi, pero aquí volveuno dicir: si, si; dou a palabra sen ningún problema, sen ningún problema señor Freire, vostede deu a palabra, e onde está a súa palabra.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu din a palabra do que me dixeron, eu non son que, como lle dixeron antes, para garantir, si para esixir.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu só lle digo que o Concello nunca actuou de forma proactiva, nunca actuou, porque non puxo os terreos no seu momento a súa disposición, actuou a remolque da Xunta, foille pedindo, é o mesmo que no instituto, vaille pedindo, vostede non lle vai dando ou vaillo dando a trompicóns, e hai responsabilidade señor Alcalde, vostede mente, vostedes racanearon na cantidade





dos terreos, vostedes racaneron na calidade, na elección da ubicación do Centro de saúde, o Goberno do Partido Popular non cumpriu as esixencias da Xunta, non se cumpriron os prazos, non había entón como dixen antes crise económica, e vostedes non aproveitaron ese momento, non lle deron pulo a este proxecto, e se se tivesen realizado as xestións, que como vostede como máximo responsable político se tiveran que facer, agora non estaríamos falando de atrasos e novos atrasos, e falando dun novo atraso do Centro de saúde, que isto xa parece unha quimera señor Alcalde, entón a min gustaríame que vostede fora máis preciso nos prazos, canto antes non é un prazo, non é un compromiso dun Alcalde do quinto Concello da provincia.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois é o que lle podo dicir. Ten a palabra o voceiro do BNG.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Concordo totalmente con Victoria, claro, se o señor Alcalde acaba de dicir que non é responsabilidade do Concello, ou sexa, o máximo representante político dun Concello, o alcalde dese concello di publicamente nun Pleno que non é responsabilidade del, que o Concello conte con servizos públicos tan básicos como un centro de saúde, por certo recollido, que é unha obriga municipal prestar os servizos de sanidade necesarios para a poboación que existan non concellos, e el di que non é responsabilidade del, pero que fácil é gobernar para os dirixentes do Partido Popular, para vostedes a única responsabilidade é vir a final de mes a cobrar, porque senón teñen responsabilidade sobre nada, vamos despois ver que responsabilidade teñen sobre as augas de Loiro. Vostedes son impolutos, non teñen culpa de nada, non teñen responsabilidade sobre nada co cal, así dá gusto gobernar, se ningún tipo de responsabilidade entón para que lles votan a vostedes, e para que os poñen aí, de quen é a responsabilidade de que no ano 2014 non haxa un Centro de saúde en Barbadás, de quen pode ser, de que é, de Fraga, de Zapatero, de Quintana, do outro, de este, de que é,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Hai un en Barbadás, que é o primeiro que fixo a Xunta

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Non, non hai, hai un baixo nun edificio onde antes había un almacén de patacas, hai un baixo que non cumpre coa lexislación, xa que son vostedes tan cumpridores coa lexislación, saiban que o Centro de saúde que hai na Valenzá non cumpre coa lexislación, porque non ten saídas de urxencias, non ten entradas para ambulancias, non ten todos os espazos necesarios para todas, vostede é médico, vostede tiña que sabelo moitos mellor ca min, os dispensarios que hai, as enfermeiras que hai, os médicos que hai, as cotas que teñen. Curiosamente agora nos acaba de lembrar que hai un Centro de saúde en Barbadás, onde traballa el, con cartillas moi por debaixo das que se requiren para ter un dispensario aberto, debe ser se cadra o único de Galiza, ou coas menos cartilla de



toda Galiza, iso si que non nolo di o señor Freire Couto, e claro aí se que hai un centro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é certo.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** ¿Non é certo?, habería que mirar cantas cartillas ten vostede, e cantas hai no resto de Galiza, ou cantas teñen os médicos da Valenzá, e cantas horas as enfermeiras, si habería que miralo, iso tamén é sanidade. Entón, fíxose un concurso público para licitar dezaoito centros de saúde no País, dezaoito, estaba incluído Barbadás, e de repente desapareceu, non se licitou.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nin ese nin os outros.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Os outros tampouco, ningún deles, dio vostede, si claro. Desidia absoluta, e despois claro di que non é responsabilidade súa, pois onde vamos parar non, cales son as súas responsabilidades logo neste Concello. Solo unha cousa, dixo o señor Alcalde, dígoo porque o dixo vostede, agora o que están facendo é un cambio de proxecto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Unha modificación.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Cantos cambios de proxectos levan, porque a nós xa nos presentaron dous.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois será o terceiro.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Será o terceiro, e cantos máis vai a haber, canto tempo van a seguir usando de pretexto para construír o Centro de saúde cambios nos proxectos, digo eu, se había un proxecto que ademais lle presentaron a todos os cidadáns, as persoas de Fonval que foron obrigados a Casa da Cultura a escoitar o discurso de Eloína Núñez, e había aquel proxecto, cun edificio que vostede nos pasou, por certo o proxecto témolo nós na casa, que necesidade hai de cambiar aquel proxecto, por que valía hai catorce meses, e non vale hoxe, por que hai que cambiar, déixese de enganar, diga a verdade.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso é o que din, e non lle vou a dicir algo diferente.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Iso é o que din, como lle van dicir iso, non o queren construír e están buscando por aí pretextos para non facelo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si o queren construír e é prioritario.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero o cambio de proxecto, hai proxecto proxectado, publicitado e aprobado pola Xunta de Galicia que temos nós na casa.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor da moción entón, entendo que somos todos. Queda aprobada por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “



**Moción do PSdeG-PSOE para esixir á Xunta de Galicia á licitación inmediata do novo Centro de Saúde e o comezo das obras: O Concello de Barbadás insta á Xunta de Galicia a licitar e iniciar as obras do Centro de Saúde da Valenzá de xeito inmediato”**

**8- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA BUSCAR UNHA SOLUCIÓN DEFINITIVA ÓS PROBLEMAS DE POTABILIDADE DA AUGA DE LOIRO E QUE SE LEVE A CABO A TRAVÉS DUN PLAN PLURIANUAL UNHA SUBSTITUCIÓN DA REDE NA SÚA TOTALIDADE.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto oito que eu creo que debíamos de tratar o oito e o nove, que é unha moción sobre a auga de Loiro do PSOE, e outra do BNG, entendo que se poden tratar as dúas xuntas, aínda que se voten por separado, porque o argumento é o mesmo. Entón como a primeira é a do Partido Socialista, pois ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Nós lamentamos estar sempre así, o Alcalde di: están vostedes de mal humor, vostedes son catastrofistas, pero é que non nos deixan outro remedio, é lamentable, isto é o noso traballo, por outra parte señor Alcalde.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por suposto, e esperemos que siga sendo moito tempo.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non se crea, a quen lle queda pouco tempo é a vostede señor Alcalde, a moitos de nós quédanos moito tempo por diante.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero a min quédame o tempo que eu marco, e a vostede quedalle o que lle marquen os cidadáns.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Mire señor Alcalde a vostede tamén llo marcan os cidadáns señor Alcalde, ou a vostede quen o puxeron aí os cidadáns ou púxoo Baltar aí.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero neste caso concreto márcome eu os tempos, e a vostede márcanllos.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Mire señor Alcalde unha vez máis hai que volver ser catastrofistas, porque vostede ten este Concello como o rosario da aurora, a min daríame vergoña, xa llo teño dito moitas veces, que eu non durmiría pola noite vendo como teño o meu Concello, a cantidade de chapuzas, e que se podería escribir un libro, si, un libro. Eu pódome adicar a dicir descalificativos, desidia, deixadez, abandono, pasotismo, negligencia, desinterese. Tentamos, nós no Partido Socialista porque pensamos nas persoas señor Alcalde, pensamos nas persoas, nos cidadáns, nos nenos, nos maiores, pensamos en todas esas persoas, e pensamos na salubridade pública por suposto, como é o



caso do que imos a falar, e por iso nos poñemos catastrofistas señor Alcalde, a min daríame vergoña o que pasou en Loiro, daríame vergoña señor Alcalde de Barbadás, e non xestionar o conflito ou a crise adecuadamente. Entón volvo a dicir que tentei buscar moitos cualificativos, solo puxen uns poucos os que se adaptaban máis ou menos, e todos acordes coa realidade. Tentábamos buscar unha palabra que defina a actitude do Alcalde respecto da situación de potabilidade da auga de Loiro, e non conseguimos atopar unha definición que englobe todo o que ten acontecido nos últimos anos. Dixemos algúns cualificativos que non lle gustaron, pero solo son algúns. Falamos de anos, porque durante anos e incluso décadas ó Alcalde non lle preocupou en absoluto a calidade de auga que estaban bebendo os veciños de Loiro, a Freire non lle importou comprobar as características de auga dun pobo de aproximadamente cento trinta habitantes. O Concello ten competencia segundo recolle o artigo 25.2h na protección da salubridade pública, iso sábeo o Alcalde, salubridade pública, isto significa que o máximo responsable do Concello de Barbadás o señor Alcalde, fixo deixamento das súas funcións, durante os vinteseite anos dos que alardea que leva gobernando. Durante todo este tempo non foi quen de interesarse polo estado de auga de Loiro, isto son preguntas que me gustaría que na súa intervención mas respondera porque non vamos a entrar en debates baleiros, aquí temos preguntas e queremos respostas. ¿Fíxose algo durante todo este tempo?, e tivo que ser unha inspección rutineira da Consellería de sanidade, a que puxo ó descuberto a presenza de arsénico na auga de Loiro, e foi entón despois desa inspección de sanidade, só entón cando as autoridade locais se viron na obriga de actuar e de exercer a competencia de velar pola salubridade pública. Pero ata ese momento os veciños estiveron bebendo cuns niveis elevadísimos de arsénico. Hoxe ten que dar vostede señor Alcalde, explicacións sobre este controvertido asunto, por iso traemos os grupos da oposición dúas mocións similares ó Pleno, e os veciños están pedindo explicacións e terá que dalas hoxe, non irse ós cerros de Úbeda, dea explicacións, ten que explicar á cidadanía por que non se fixeron análises para comprobar a presenza de arsénico na auga, ten que dicir cales foron os niveis detectados, porque hai moitas faladurías, uns din unhas cantidades, outros outras, vostede é a máxima autoridade e ten que dicir as cantidades hoxe aquí no Pleno, supoño que traerá ó Pleno preparado e estará informado. Temos entendido incluso, hai que di que a presenza de arsénico na auga e vinte veces superior ó permitido señor Alcalde, vinte veces, iso estase dicindo e a min téñenmo dito persoas que son especialistas na materia, que son técnicos, e ó mellor tamén pode explicarnos, ó mellor isto ó mellor pode, ou quere explicarnos a coincidencia que existe entre o feito de que se fixeran análises por parte da Consellería, coincidindo co proceso negociador entre a empresa e os veciños sobre a xestión da



auga, foi coincidencia, foi azar, porque a Consellería non fixo análises durante tantos anos, e fíxose agora. Vostede seguro que ten unha resposta a iso, ou o señor Alcalde, a nós danos igual quen nos responda, respóndanos as autoridades. Queremos saber tamén por que non se cumpriron os compromisos adquiridos pola empresa a finais do 2012, cando Viaqua se comprometeu formalmente en decembro de 2012 a facer unha serie de melloras, que era este papeliño que lle entregaron ós veciños, entregáronlle ese papeliño para que o asinaran. Naquel momento cada titular da vivenda de Loiro para facilitar a Viaqua o cobro do servizo de saneamento asinou un documento na que a empresa se comprometía a ter rematadas as obra de ampliación das redes de saneamento, bocas de rego, bocachas contra incendios e dotacións ós sumidoiros de botes sifónicos antes do tres de xaneiro de dous mil trece. Este compromiso formal foi incumprido, pois só se fixeron unhas mínimas, unha mínima parte das melloras ó que ten á veciñanza nunha situación de desconfianza ante a inobservancia do acordo asumido naquel momento pola empresa, e polo cal tería que velar o Alcalde. Hai que ter en conta ademais que este incumprimento está tendo consecuencias porque existen, seguen a existir malos cheiros procedentes da rede de sumidoiros, falamos agora. A falta de dilixencia e rapidez do problema foi o máis sobresaínte na xestión desta crise, lembremos que os resultados obrigaban ó Concello a advertir ós veciños de que a auga non apta era para o consumo e adoptar medidas para subministralas en condicións óptimas de salubridade. A primeira parte das obrigas do Concello foi cumprida só a medidas porque o Alcalde publicou un bando onde non se especificaba a gravidade da situación, un bando, a xente alarmada preguntábase que era o que pasaba, non se lle explicou, pero foi posteriormente cando viu que se creara unha alarma social cando se distribuíu o informe da Consellería de Sanidade, entón si, adicáronse a pegalos polos paus da luz, interesáballes, hai si imos a aclaralo, nós non somos culpables, como lle pasa co Centro de Saúde, non somos culpables, foi a Consellería a que detectou, pero vostedes tiñan que haber velado durante anos pola salubridade pública dos veciños de Loiro e non o fixeron. A segunda parte das obrigas do goberno do Partido Popular, tampouco foi cumprida aínda a día de hoxe porque non se adoptaron as medidas para subministrar a auga nas debidas condicións, deixando así aos veciños abandonados á súa sorte durante todo o verán, desde finais do mes de xullo, e estamos a oito de setembro, un verán enteiro sen tomar as medidas oportunas, por parte do Concello, nin medidas de urxencia, nin nada, non se fixo nada durante estes meses. O feito de que coincidira no tempo coa tempada estival non é razón para deixar de actuar con dilixencia e con contundencia por parte dos mandatarios locais para resolver o asunto, vostedes non están case nunca á altura das circunstancias, non fixeron nada.



Propoñemos que se solventen dun xeito definitivo os problemas no subministro de auga potable en Loiro a consecuencia da aparición de niveis altos de arsénico no líquido elemento.

Que os responsables municipais actúen de mediadores no proceso negociador coa empresa xestora do subministro da auga en Barbadás (Viaqua) para buscar a solución idónea, polo visto a solución xa a ten o señor Alcalde, a sete meses da campaña electoral, e a solución é sen pasar polos veciños, porque se quedou en ter unha reunión con eles novamente, antes de tomarse unha decisión definitiva, pero vostede xa ten a decisión adoptada. E o terceiro punto na orde do día é que no acordo con Viaqua se teñan en conta as deficiencias que existen na rede e proceder a unha substitución total, evidentemente si puxemos total porque pensamos que estaba en mal estado, e evidentemente total ten que ser a substitución, porque se pasou arsénico polas canalizacións, ten que ser unha substitución total. Pero en todo caso iso para nós non é o fundamental, que se substitúa nos lugares onde sexa preciso para que a auga chegue novamente ós veciños, novamente non, porque nunca chegou nas condicións idóneas de salubridade, pero que chegue, entón este é o acordo que presentamos nós, vostede ten que dar moitas explicacións, e gustaríanos que respondera a esas tres ou catro preguntas que lle fixemos señor Alcalde sexa serio.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra para expoñer a súa, o voceiro do BNG.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Concordando con todo o que acaba expor Victoria, polo tanto para non repetirme e para adiantar no debate só vou a aportar cuestións novas. Eu concordo con Victoria en todo o que acaba de dicir. Existe unha clara conivencia entre o Partido Popular e as empresas concesionarias neste Concello, non pasa tan só co servizo de abastecemento e saneamento das augas, pasa co resto dos servizos tamén, por exemplo, coa empresa concesionaria do lixo. As relacións, eu dígoos así, familiares e de intereses económicos entre membros do grupo do Partido Popular, e estas empresas ben ás claras, é unha realidade que existe. O baixo onde está Viaqua, está nun baixo da Avenida de Celanova, pois ese baixo debe ter propietarios, e as relacións quedaron ben claras cando se chega un día a este Pleno coa intención de privatizar, porque do que se trata é de privatizar a traída de auga en Loiro. Loiro contaba con un servizo de abastecemento e saneamento da auga construído hai moitos anos polos veciños daquela parroquia, e polo tanto tiñan este servizo de maneira gratuíta, mantíñase en forma de, como un monte mancomún, como un ben común, e era gratuíto, ¿que fai o grupo de Goberno do Partido Popular?, apropiarse desa infraestrutura pública, propiedade dos veciños e regalarlla a unha empresa privada, regalo que lle vai saír gratis á empresa, pero a cambio a empresa vaille pasar a cobrar a todos os veciños de Loiro, vailles empezar a cobrar segundo a Lei de augas de



Galicia, por consumos, por mínimos, por saneamento, por abastecemento, por taxas, todos os impostos que veñen incluídos nos recibos que pagamos, os que pagamos a auga porque temos ese servizo, e antes recibían iso gratuíto, e agora como digo trátase dunha privatización encuberta co permiso do señor Freire Couto. O Bloque Nacionalista Galego cando se decata que se vai privatizar a auga en Loiro, é a única formación política deste Concello que fai varias asembleas en Loiro para informar a todos os veciños do que estaba pasando, e advertilos do que ía pasar no futuro, fixemos asembleas en Loiro para falar cos veciños, por certo, foron tamén persoas do Partido Popular a aquelas asembleas a intentar desmontalas, non o conseguiron, pero foron tamén para pór a orela e despois contarlle o Freire Couto o que íamos dicindo nós, e nós non íamos contando mentiras, íamos dicirlle o que ía pasar e as consecuencias que ía traer para eles, que ían ser, que se ían crear unha rede totalmente vella, unha rede que foi construída hai moitos anos, con uns materiais antigos polo tanto sofren múltiples filtracións de auga en ambos sentidos, é lóxico hai corenta, cincuenta anos non había os materiais de construción que hai hoxe, as canalizacións sofren filtracións, e ese é o motivo polo que as análises non dan exactamente igual no nacente, que no tanque, no depósito que na rede de abastecemento. Segundo se tomen as mostras as análises van dando diferentes índices de arsénico e de outros compoñentes químicos. Pregunta que lle quero facer tamén o señor Alcalde de Barbadás, ¿van privatizar as augas en Loiro? ¿van subir as augas de Bentraces?, pero imaxino que a auga subida de Bentraces vai ser depositada no tanque de Loiro, no depósito de Loiro, ou vai subir directamente de Bentraces a canalización sen usar o depósito, pregunta. Segunda pregunta: se se usa o depósito, xa se está usando, senón se usa que rede se vai usar, actualmente a existente, é dicir, a construída polos veciños hai corenta anos, a que sofre filtracións, a que dá diferentes niveis de arsénico en segundo onde se tome, porque aínda que se suba auga limpa de Bentraces, cando se meta na rede de Loiro vai contaminarse, exactamente igual que esta, ¿por que?, porque a rede de abastecemento, e a rede de saneamento en Loiro van paralelas, non, como en todos non, ¡pero iso está prohibido pola Lei de augas de Galicia!

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O que non poden ir é xuntas

**O sr. Fírvida toma a palabra:** É que non poden ir xuntas, pero como vai ir igual en todos lados, pois moi mal feito onde vaia, en todos lados, non é que non se pode, e ademais os materiais non son os acaídos para levar a auga.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso é outra historia

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Claro, entón nós o que pedimos é primeiro: que se manteña en



titularidade pública as augas, de poder ser, pero como xa sabemos que iso é imposible, xa o pedimos en outros Plenos, e que agora xa está privatizado, nós o que propomos é que a empresa concesionaria, esa que se vai facer dona do servizo, que aporte algo á infraestrutura, que cambie as canalizacións, que as poña modernas, sen filtracións, de material moderno do que se usa hoxe, en todos os sitios do mundo, xa que vai a cobrarlle ós veciños terá que prestarlles uns servizos de calidade, porque chegar alí e meter a auga de Bentraces polas canalizacións existentes, iso é gratis, iso é gratis para a empresa, iso si aos veciños vailles cobrar como se prestase ela o servizo, e despois o que pedimos é, que ata que non estea feita a nova rede de abastecemento e saneamento, que non se lle cobre ós veciños, que non se lles cobre, primeiro a obra, unha vez que dispoñen do servizo, despois que se cobre, pero non antes, en función de que se lles vai cobrar ós veciños senón aporta nada a empresa a ese servizo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Imos ver, empezando polo principio, case primeiro polo final. Mire vostede, ten que ter claro que antes de poñer en funcionamento o novo servizo cando estea, loxicamente terán que facer unhas análises outra vez da auga, tanto da toma coma da distribución, coma da billa que se chama, para entregar a sanidade, dicindo que agora se dan os parámetros ben e que se pode usar, senón non se pode usar, ou sexa que pode estar tranquilo vostede, e poden estar tranquilos os veciños que non se vai a poñer a disposición dos veciños unha auga que non dea analiticamente aceptable e potable, iso o primeiro, porque non se pode, co cal, se se dá esa circunstancia, se vai poñer en marcha tan pronto se poida, e o máis rápido posible, unha vez que fagan a conexión desde Bentraces, porque é un tema urxente e prioritario, como é lóxico, ben iso polo final. Punto seguinte, se fose o caso que seguira dando mal, pois haberá que proceder ó que faga falta, repoñer toda a canalización e facer o que haxa que facer, hai que dar unha auga potable, en condicións hixiénico-sanitarias, pois aceptables desde todo o punto de vista, entón en canto a iso tranquilidade total e absoluta, se iso é así e ca actual rede de momento funciona e dá potable, pois de momento non se a vai repoñer rede, porque non se pode repoñer por capricho sen máis, iso en canto a rede de abastecemento de auga, se hai deficiencias en algunha delas, en algún caso, ou en algunha rúa se van a corrixir, é lóxico e aparte é de obrigado cumprimento. En canto a rede de augas residuais, pois se vai facer un tratamento diferente, é dicir, as augas residuais neste momento hai zonas que teñen dificultades, e se van acometer pois facer unha nova rede, suplir a que hai ou derivala cara outra zona, como é o caso do Campiño, que estaba sendo a dúbida de se derivala cara un sitio ou cara outro, iso se vai facer un plan para o ano que ven, se vai meter unha partida de diñeiro no presuposto, e se vai intentar acometer o que sexa máis prioritario, e o que sexa asumible, todos queremos uns BMW ou un





Mercedes na porta, e un chale, pero ó mellor temos que conformarnos con ter un seiscentos, de momento, ou ter un piso normalciño. Digo isto porque é normal que todo o mundo queira que lle faga un novo abastecemento de auga e unha nova nova rede de saneamento, se é necesario pois se fai, e senón é necesario irase facendo en función das necesidades e das posibilidades, entón iso por aí, e dicir tamén que o Concello fixo tódolos controis que se lle esixiron hasta agora, e hasta o de agora sempre se nos dixo, ultimamente, se nos dixo, ninguén nos dixo que tivera arsénico, sempre se nos dixo que era potable porque o facía tanto Aquagest como Sanidade. Que ocorreu neste intre, cambiou a normativa europea, porque a porcentaxe de arsénico, hasta fai pouco tempo era asumible hasta o 20, creo que era, ou hasta 50 microgramos, e agora pasou á normativa europea pasou a reduci-lo a 10 ou a 20, eu xa non me acordo, e a raíz de aí, pois si segundo a nova norma está fóra de rango, segundo a norma anterior estaba en rango nunca dixeron nada, desde o momento que se nos di que está fóra de rango segundo a nova normativa, puxémonos mans á obra con reunións cos veciños, con tódolos veciños, independentemente que se lle dixo xa no seu día, se querían facerse cargo eles, nós encantados que se fixeran cargo da xestión, maioritariamente dixeron que non varias veces, porque dito sexa de paso, é certo que levo vinte tantos anos aquí, e eu prefería que non se lles cobrara a auga ós de Loiro, porque entre outras cousas tiñan a auga eles, se era potable porque se lle ía, sempre fun partidario desa medida, por iso non nunca se lle cobrou, e se lle facían controles de cloro basicamente igual desde a empresa, e o Concello financiaba o que era o bombeo, e financiaba todo que os veciños non pagaban un duro, cousa dalgunha maneira de dubidosa legalidade, segundo os técnicos municipais, pero eu sempre tratei de que mirar para diante xa que a auga era boa, en teoría era potable, tiñan auga suficiente, pois para que ían pagar, pero agora chegou esta situación, sanidade nos obriga de que temos que tomar medidas sobre o tema, sobre todo das dúas cousas, da xestión que esixe esa mesma normativa, e pois implica unha xestión cunha serie de condicionantes que podíanos cumprir os veciños, ou senón eran os veciños tiñámolo que cumprir nós, eles non quixeron e o temos que cumprir nós, e nós é o que imos facer. Entón nós non nos imos comprometer a absolutamente a nada máis que nós non poidamos cumprir, e si, nos imos comprometer cos veciños a que todas as necesidades e todas as deficiencias que haxan que se lle van a corrixir, agora fóra de aí, loxicamente no podermos dicir que imos facer unha rede de sumidoiro nova toda, se parcial, se dá para facer unha traída de auga nova toda ou parcial, non o sabemos a día de hoxe. As necesidades e as deficiencias que haxa serán prioridade absoluta para o Concello de Barbadás, iso é o que podó dicir. Loxicamente os termos dos acordos a adoptar que poñen tanto un coma o outro, nós non podemos votar a favor, porque vostedes



aquí poñen unha renovación integral da rede, e isto e o outro, e hai cousas que nós non sabemos se fai falta a renovación integral, se parcial, entón non podemos votar a favor, nin dunha, nin da outra, e a tardanza entre outras cousas, foi porque se require permiso da COTOP, agora xa o temos, xa o ten a empresa, e van a proceder á obra inmediatamente.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vostede di que se fixeron controles sempre, fixéronse controis rutineiros controis de cloro, como está dicindo vostede, control básico, pero vostede sabe que os controis básicos están moi ben si fixéronse, pero vostede sabe que hai que facer un control específico para atopar arsénico, vostedes sábeno, non se fixeron, acaba de dicir o Alcalde, controis de cloro, e vostedes podían sospeitar que isto podía estar acontecendo, porque houbo persoas que se foron a vivir a Loiro, e persoas que non beberon a auga toda a vida, como ó mellor foron eses veciños que están e que beberon a auga toda a vida, e que atoparon problemas de pel, vostedes iso tiñano que saber, porque se foron queixar á Viaqua, e sabiano, e houbo persoas que se foron queixar, si señor, e tiñan que haber sospeitado que podía haber ocorrido algo ca auga, que os controis rutineiros non eran suficientes, puidérono haber sospeitado, pero non o fixeron. Aínda non nos dixo o señor Alcalde, aínda non nos respondeu, xa sabemos que son dez unidades de gramo por litro, pero aínda non nos respondeu o parámetro que se atopou en Loiro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Son diferentes nas tomas que se toman en distintos sitios.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero non douscentos e pico, como se chegou a dicir.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, para nada.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Iso era o que quería que me aclarara o Alcalde, porque claro nun caso de alarma social é mellor aclarar, e dicilo como hai que dicilo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Houbo algúns que na primeira toma estaban por debaixo, na primeira medición.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Despois tamén queremos que nos aclare quen vai a asumir o custe de realizar de levarse a cabo da substitución da rede, se o vai a asumir Viaqua, se o vai a asumir o Concello, quen paga iso, porque ó final.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso vaino a pagar o Concello porque é obrigado pagar o Concello. Ela ó único que se compromete é a xestión, non a facer obra, a obra nova ten que pagala o Concello, ou os veciños, nós dámoslle a xestión.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Ou sexa, os veciños non van recibir ningún tipo de contraprestación a pesar de ter sido abandonados, e a pesar de non se levar a cabo os controis de salubridade pública, si,



pero eles puxeron a súa rede e gastaron no seu día os seus cartos, e agora que contraprestación van a recibir, cando se solucione o tema, que contraprestación, por iso é un dos puntos no noso acordo, que o Concello, que o señor Alcalde, actúe de mediador que se chegue a un acordo para que os veciños reciban algún tipo de contraprestación, os veciños que lle dan todo gratis, como dicía o compañeiro Fírvida.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero que se fagan cargo eles.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero vostedes téñenlle que dar algún tipo de contraprestación, a cuestión non se pode dilucidar así.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A contraprestación xa a tiveron durante vinte anos, que lle proporcionamos a auga gratis, durante vinteseis anos, se lles parece pouco. Durante vinteseis anos os veciños de Loiro non pagaron nada, nin por luz, nin por control de augas, nin por nada, e tivérona a destajo, ata o de agora.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Eles fixeron a súa inversión inicial, e a auga, a rede era deles, ou era do Concello, o Concello fixoo porque era a súa obriga, o control da salubridade pública, señor Alcalde.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O Concello ten a obriga de garantirlle a salubridade pública.

**A sra. Morenza toma a palabra:** A salubridade non lla garantiu, vostede non lla garantiu, e aínda por encima aínda lle quere cobrar.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estoulle dicindo que os veciños delegaron en asembleas reiteradas, delegaron na xestión do Concello do tema da auga, porque non se consideraban suficientemente capacitados, para levar o control eles. Entón a rede segue sendo dos veciños, o que lle imos facer é o control e o subministro a auga.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Se xa o entendo señor Alcalde, vostede fixo deixamento de funcións, porque o control non se realizou nas adecuadas condicións, e vostedes sabe que o arsénico señor Alcalde, é unha das dez substancias químicas que a Organización Mundial da Saúde considera máis preocupantes para a saúde pública, e vostede puido haber feito, porque cando se deron os casos de alarma, ó mellor durante eses vinte anos ou corenta anos non, pero cando se produciron casos de persoas que tiñan efectos sobre a pel, porque o arsénico é un carcinóxeno, vostede isto sábeo mellor ca min, e que afecta practicamente a todos os aparatos e sistemas do corpo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tamén é carcinóxeno como o tabaco e sen querer estámolo recibindo todos.



**A sra. Morenza toma a palabra:** Os efectos máis claros obsérvanse na pel, está comprobado segundo estudos, hiperpigmentación cutánea empaches, queratose focal e outras lesións dérmicas, entón pasou en Loiro, por que entón non se fixo, e aínda non explicou o tema da coincidencia no tempo da negociación da auga, e as realizacións das análises por parte da Consellería. Vostede sabe que o arsénico pode producir hepatite, poder ter efectos negativos nos riles. Tamén están comprobados os seus efectos cardiovasculares, efectos neurolóxicos, efectos dérmicos, e pode incluso afectar ó aumento de abortos espontáneos, ou o incremento de malformacións conxénitas señor Alcalde, é un tema grave, vostede expuxo porque non levou a cabo os controis adecuadamente ós veciños a esta situación. Salubridade pública non se cumpriu, a todas estas consecuencias estiveron expostos os veciños e veciñas de Loiro, e isto sabe que é así, non discuta nada, porque non é nada discutible, durante os anos porque os gobernantes do PP non velaron pola salubridade pública, e vostede agora están intentando dar solucións, parches, levan todo o verán os veciños e non podendo beber a auga, vostedes non lle dan a solución, e agora a solución que lle queren dar non ten ningunha contraprestación para os veciños, lamentable señor Alcalde.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o BNG.

**O sr. Fívida toma a palabra:** A auga señor Freire Couto non é un luxo, non é ter un Mercedes na porta da casa, a auga é unha necesidade, é unha necesidade das primeiras necesidades, igual ca comer, ter auga potable nas vivendas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estou falando de renovar uns servizos, ou todos sen ter necesidade de facelo.

**O sr. Fívida toma a palabra:** Claro, dicir que quen non pode ter un BMW, que poida ter un Renault, non é como dicir, que quen non poda ter auga que beba...

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu non lle dixen da auga, díxenlle da obra, da renovación dos servizos sen facer falta.

**O sr. Fívida toma a palabra:** A nós quédanos moitas dúbidas, vostede está seguro de que se fixeron todas as análises anteriores e que todas cumprían perfectamente todos os requisitos marcados por sanidade, vostede estaría en disposición de que nós puidéramos acceder a todas esas análises desde hai moitos anos de que as augas en Loiro eran absolutamente potables, e estaban ben consonte co que marcaba a Lei.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** As de sanidade levábanos eles sempre.

**O sr. Fívida toma a palabra:** Cada canto tempo se facían eses controis.



**O sr. García toma a palabra (PP):** Cada mes e medio, dous meses viña sanidade a recoller as mostras en todo o Concello.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** E estaban sempre ben. Entón foi pura casualidade que agora as augas deron malas agora, xustamente agora. As augas residuais di vostede que se vai facer un plano que vai ir nos orzamentos do ano 2015 do Concello de Barbadás, para facer unha nova rede de saneamento no Concello de Barbadás.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Onde faga falta.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Onde faga falta, pero a rede é vella en todo Loiro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero ten deficiencias en algúns sitios que dá malos cheiros, aí é onde se vai a actuar.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Pero non se vai cambiar toda a rede, vaise deixar igual paralela á outra, nin se van cambiar as canalizacións.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, sinceramente non, xa llo digo claramente que non se vai cambiar toda a rede.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** A de abastecemento tampouco.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A de abastecemento se fai falta si, senón fai falta non.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Segundo como dean as análises vaise ir cambiando, e vai ser o Concello quen pague iso. Cando unha empresa concesionaria negocia cun Concello a prestación dun servizo, e unha concesión a cambio dunha retribución e este caso o que se paga por todos os veciños de Barbadás non se negocia tamén as condicións en que se presta este servizo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pode.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Vostede non o negociou, vostede lle dará o negocio ós seus amigos, pero a responsabilidade ó Concello.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Mire esa obra vale, vale ata agora o que imos facer creo que son quince mil euros de orzamento, iso vámolos pagar dende o Concello que está precisamente na modificación de crédito como puido ver.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** A subida da auga de Bentraces, xa pagan vostedes os quince mil euros.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero vamos a ver, si a partir de aí fai falta repoñer a canalización, que lle quede claro que temos que pagala, porque a empresa non ten ningún interese neste momento en facer cargo do abastecemento de Loiro, podemos renegociar o que queiramos, agora o que vamos a



renegociar loxicamente é pagar o que hai dalgunha maneira, como se pode encaixar vía taxas, ou vía pagar a obra, unha cousa ou a outra, élle así de sinxelo.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Van negociar, vostedes van facer as obras e eles van cobrar, xa está negociado.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero as obras alguén ten que facelas, o que as faga terá que cobralas.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Outra pregunta, dixo vostede que non se vai a usar o depósito para almacenar auga. Pregunta señor Alcalde de Barbadás, dixo vostede que o depósito de Loiro, que vai ser do depósito de Loiro, señor Alcalde de Barbadás, non Tenente Alcalde, señor Alcalde de Barbadás, e que eu quero saber as dúas versións que existen, para ter unha media

**O sr. Alcalde toma a palabra:** En primeiro lugar, estudaremos se ó limpalo, se ó limpar o depósito se pode utilizar, porque ademais temos que tomar auga no depósito, e levala analizar do depósito, xa llo volvo a reiterar, no depósito, no que é na billa, e no que é na rede. Se unha vez saneado o depósito, se pode utilizar, seguramente se vaia a utilizar, porque non se vai a utilizar.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Entón van facer algunha mellora no depósito, van facer obras alí para sanealo, supoño que haberá que baleiralo e tratalo, e ter unha obra, tamén a vai pagar o Concello de Barbadás.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Iso entendo que o farán eles, porque iso non require grandes cousas, entendo eu, pero iso de que non se use o depósito aínda non o dixeran porque entendo que o depósito vai ser necesario, unha vez que se limpe, se sanee e se prepare.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Cando delegaron os veciños de Loiro a concesión da auga en Viaqua

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois delegárona en dúas reunións.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** En dúas reunións, convocadas en tempo e forma, asistencia maioritaria, en un sitio público, con máis de corenta e oito horas de antelación, publicamente, había quorum suficiente, houbo un acordo, levantouse un acta daquel acordo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non se levantou un acta porque foi

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Cantas persoas estaban presentes cando se tomou a decisión de que as augas pasaban a ser de Viaqua.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estaban practicamente todos os veciños.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Practicamente todos. Como se convocou.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois convocouse precisamente cuns bandos.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Cunhos bandos, coa antelación debida.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** E se avisou ós veciños, é dicir, non se preocupe que iso está máis claro, e senón cando queira volvemos alí e facemos outro, non procure buscarlle cinco pés ó gato, que só lle ten catro.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Resumindo os veciño de Loiro, quedaron sen rede, pasou a ser de Viaqua, vanlles cobrar as augas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Segue sendo deles.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Vostede vai pagar as obras onde sexa preciso, como a reforma do tanque, a reforma da subida de Benlaces, quince mil euros, van a mellorar só onde vexan vostedes necesario en función das análises, non van separar as augas pluviais das outras, das de saneamento, en zonas, onde queiran vostedes. Vai seguir exactamente igual, pero os veciños van a empezar a pagar a auga, non pregúntome.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu remítome ó que lle dixen, non vaia vostede aquí a min a vacilar. Eu fixen unha exposición de motivos do que se vai facer e do que non se vai a facer, non teño por que repetirlo, xa llo dixen, ós veciños se lles vai a cobrar, porque se lles vai dar auga que procede precisamente comprada doutro sitio, que é neste caso de Ourense, entón coma esa auga non é propiedade municipal, hai que pagala, e hai que repercutirlllo no custe, ata agora como non se compraba, non lle repercutía. Tiñamos un previo pacto cos veciños tamén de que se a auga fóra útil a que está por alí, a empresa non lle houbera cobrado a auga, houbéralle cobrado simplemente o que é o servizo e mantemento, como por desgracia esa situación cambiou, porque esa auga parece que non vale, coma tódolos veciños a auga vai vir de onde ven, que é de Ourense, temos que repercutirlllo nos recibos, non queda máis remedio, e van pagar os de Loiro igual que pagamos os de Barbadás, como pagan os da Valenzá, coma os de Piñor, exactamente igual, porque en primeiro lugar é legal, non sería legal se fora doutra maneira, porque é un servizo público que non se poden facer diferencias duns veciños a outros, e sobre todo como é o caso, cando é exactamente igual o servizo, procede a auga do mesmo sitio, o servizo dáse da mesma maneira e loxicamente pois si, se lle vai acabar cobrando.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Este é o negocio redondo, unha empresa concesionaria de Barbadás, sen gastar un só duro en infraestruturas, en melloras, en mantemento en nada, regálanlle unha infraestrutura construída polos veciños, ven auga de San Cibrao, non ven de Ourense pero ven de San Cibrao que paga o Concello que eles serven, xestionan como di o señor Alcalde, mediante unha bomba e un abastecemento que paga o Concello, quince mil euros. Nos orzamentos do ano 2015, as melloras que podan sufrir as redes en base as análises futuras que se fagan tamén os vai a pagar o



Concello, e Viaqua vaise limitar unicamente a cobrarlle ós veciños de Loiro, todo iso que acabamos de dicir.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero Viaqua encárgase da xestión señor, non queira ser Maquiavelo, porque non o é nin o vai ser.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** A xestión é mandar o recibo a casa ó final de mes ós veciños, dicindo canto teñen que pagar, esa é a xestión que fai Viaqua.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E controlar a auga, e bombear a auga, e poñer os contadores, e facer os recibos, reparar o mantemento. Vostede porque haxa aquí tres veciños quere facerse aquí honores, pois mire non é así a cousa como vostede a pinta.

Sometemos a votación se non lles importa por separado ás mocións do BNG e do PSOE. Votos a favor da moción do PSOE, votos en contra, abstencións non hai. Votos a favor da moción do BNG, votos en contra, abstencións non hai.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Moción do PSdeG-PSOE para buscar unha solución definitiva ós problemas de potabilidade da auga de Loiro e que se leve a cabo a través dun plan plurianual unha substitución da rede na súa totalidade.**”

### **9- MOCIÓN DO BNG SOBRE O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN LOIRO.**

Este punto xa foi debatido no punto anterior.

Na parroquia de Loiro ata hai pouco tempo o servizo de abastecemento e saneamento da auga era prestado por unha infraestrutura construída polos propios veciños do lugar. Isto supuña que o servizo era totalmente gratuito.

Hai varios meses o Sr. Alcalde decidiu privatizar a auga de Loiro e darlle o servizo á empresa concesionaria do concello, Viaqua.

Apesar de que o concello ten a obriga de realizar controis periódicos da salubridade das augas de consumo humano, foi só cando a auga de Loiro foi privatizada cando deron altos índices en elementos perxudiciais para a saúde. Isto supón, na práctica, o peche das infraestruturas creadas pola veciñanza e buscar unha alternativa á traída de auga a Loiro.

Para o BNG de Barbadás existe unha clara relación causa-efecto entre o feito da privatización da auga en Loiro e as análises da mesma.

Con esta medida, Freire Couto ponse mais unha vez do lado das empresas concesionarias





abandonando á veciñanza de Loiro.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción dos seguintes

### **ACORDOS**

O Concello de Barbadás comprométese a realizar as xestións necesarias ante a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento da auga en Barbadás para que esta renove a rede da auga, separando as de abastecemento e as de saneamento e cumprindo coa lexislación vixente nesta materia.

O Concello de Barbadás comprométese a que antes de que a empresa concesionaria comeze a cobrar aos veciños de Loiro por estes servizos a nova rede estará en funcionamento.

Este punto xa foi debatido no punto anterior, resultando o seguinte:

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Moción do BNG sobre o servizo de abastecemento de auga en Loiro.**”

### **10- MOCIÓN DO BNG SOBRE O ESTADO DOS PARQUES, XARDÍNS E ELEMENTOS DE MOBILIARIO URBANO.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á moción número dez que é unha moción do BNG sobre o estado dos parques, xardíns e elementos en material urbano. Ten a palabra a súa voceira.

No mes de abril deste ano o grupo municipal do BNG presentou unha moción co gallo do comezo da primavera referida ao mal coidado dos parques e xardíns do concello.

Naquela altura referíamonos ao abandono dos parques que hai nas parroquias do rural e ao esquecemento e desidia por parte dos responsábeis municipais.

Tamén nos referíamos aos parques da Valenzá para solicitar a renovación dos areneiros e mellora e coidado das zonas verdes e de lecer.

Lamentablemente desde abril nada se fixo por mellorar a situación dos parques do concello, nin limpeza, nin enchido das fontes, nin reposición de area nas zonas de xogo nin desratización,...

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción dos seguintes

### **ACORDOS**



Realizar unha revisión xeral de todos os parques do concello para planificar a súa mellora xeral e acondicionamento.

Limpeza dos parques, acondicionamento da herba, enchido das fontes ornamentais, arranxo das fontes, e todo aquilo que precise o acondicionamento de parques e xardíns.

**A sra. González toma a palabra:** Imos supoñer que dona Miriam Prieto Valdés colleu vacacións no mes de maio, e retomará agora a súa actividade no mes de setembro, dado que a pesar de aprobarse por unanimidade dúas mocións que propuxo o Bloque Nacionalista Galego, unha no mes de abril e outra no mes de xullo, non se fixo nada ó respecto ata o día de hoxe. Asemade eu quixera facer outras preguntas, pregunta: dona Miriam que é Concelleira do ramo ten adicación exclusiva, canto supón ós veciños e ás veciñas de Barbadás esa adicación exclusiva, canto supón.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Entorno a mil e algo euros.

**A sra. González toma a palabra:** Máis de mil euros ó mes. Antes de ser unha asalariada do Partido Popular en que traballaba, isto parece un posto dado coa única finalidade de cobrar a fin de mes. Quedan uns meses para que remate a lexislatura e pódese dicir que esta Concelleira preséntanos unha folla de servizos totalmente en branco. A respecto da situación dos parques e do mobiliario é unha verdadeira vergoña a súa situación neste Concello. Xa no Pleno de maio desde o BNG fixemos unha exposición das situacións, os areiros sen drenar en todos os parques e sucios, os bambáns en mal estado, con papeleiras fóra de sitio, con problemas de ancoraxe nas papeleiras, bancos con traversas rotas practicamente en todos os parques, farois abertas á altura dos nenos, falta de sinalización, existencia de parques con bambáns de ferro, prohibido na actualidade, parque do tren con bambáns de madeira quebrados, parque que está enfronte do tren co chan levantado, ese chan almohadillado está todo levantado, pulgas e ratas roldando polas zonas infantís. No parque dos Patos ademais do matogueira do que xa falamos no Pleno de xullo, que segue aí, aínda se agochan cobras, agóchanse cobras e ratas que parece ser que entran nos garaxes, xa advertimos no anterior Pleno, o parque das piscinas nas mesmas condicións, fontes ornamentais baleiras, prescindibles, en definitiva, unha desidia absoluta, e iso é certo porque mira, só ir ó parque dos Patos, no que si foi a Concelleira a señora Vispo, porque a vin eu por alí, dadas as actuacións que houbo este verán, xa se ve, o parque paradigmático da Valenzá, que é o parque dos Patos, xa se ve como está, igual que o paseo. Aos parques van moitas familias no verán, porque no verán en Barbadás desgraciadamente solo hai dúas alternativas, unha a piscina que está como está, que non vou falar agora dela porque non é o momento ó mellor, pero unha piscina que está como está, e outra cousa son os parques, e os parques están nunha



situación verdadeiramente desastrosa, e non o digo eu, vamos a ver eu non o digo solo porque o véxoo, e vívoo, pero non solo iso, senón que o din moitas familias que acoden os parques practicamente diariamente neste tempo. Evidentemente a primavera era o momento idóneo para telos preparados de cara a época primavera-verán, que é cando máis se usan, porque no inverno úsanse menos. Porén aínda non responderon que pasou por exemplo cas flores ornamentais das farois nas que se gastaron miles de euros en rego por por goteo etc, etc..., xa o preguntamos no anterior Pleno, pero aínda non nos contestaron.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Esas poñeranse para o ano sen dúbida, non lle caiba a menor dúbida. Este ano non houbo persoal.

**A sra. González toma a palabra:** Poñeranse para o ano, un pouquiño antes das eleccións municipais, e tamén se repararan os parques, un pouquiño antes das eleccións municipais, e a rúa Tomás Rodríguez Punxín un pouquiño antes das eleccións municipais. Desde o Bloque Nacionalista Galego pensamos que unha lexislatura ou dúas é suficiente para levar un acondicionamento aínda que só sexa en mínimos dos parques e do mobiliario que hai polo menos na zona da Valenzá, por non falar xa dos pobos, porque nos pobos hai parques que están tapados pola herba literalmente, e que non se pode nin acceder a eles practicamente. Polo que consideramos que dada a folla de ruta desta Concelleira do Partido Popular que debería renunciar cando menos ó soldo, entón ese soldo que veñen ser sobre trece mil, catorce mil euros ó ano, máis, máis porque ten pagas extraordinarias, si, ten catorce pagas de mil trescentos euros ó mes, podíanse adicar ós servizos sociais por exemplo, e neses servizos sociais si hai necesidades e sobre todo en setembro, e polo menos podíase facer algo mellor do que se está facendo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

**A sra. Morenza toma a palabra:** A proposta que o PSdeG presentou en decembro do 2012 está plenamente vixente e concorde coa moción que presenta hoxe o BNG, como tamén lle pasa a eles ás veces cas mocións, en realidade isto significa que facemos o noso traballo de oposición, porque traemos mocións similares en diferentes momentos esixindo o que non cumpren na vez anterior a pesar de aprobalo por unanimidade. Segue vixente todo en 2012, pasaron os anos, pero segue sen haber elementos de xogo en Santa Uxía, a zona do Barreiros séguese sen renovar a da ferruxe dos elementos de xogo, en Barbadás pobo algúns parques están durante meses cheos de maleza, unha situación que ten sido incluso denunciada pola veciñanza na prensa, sempre saímos na prensa por cuestións negativas, é unha pena, a min dáme pena vivir nun Concello onde só saímos, Barbadás asóciase ó Alcalde imputado, a que non temos Centro de saúde, sempre todo negativo. Tamén en



Barbadás segue habendo preto da travesía un tobogán que vai desembocar nun banco de cemento, que un neno pode romper a crisma directamente. En Barbadás tamén hai un parque que si está impoluto que é este parque de aquí, o máis céntrico, que se debeu facer para algunha campaña electoral seguro, esa é a envexa de todos os parques de todo o Concello, pero téñeno en Barbadás o pobo do Alcalde normal. Na Finca Fierro segue sen haber, e isto si nos preocupa acceso en barreiras á zona de xogo infantil, non se pode ir con carriños, non se pode ir con cadeiras de rodas, non se pode ir con nada, porque hai que salvar demasiadas barreiras, nun Concello con demasiadas barreiras. O parque do Tren como dicía a compañeira sempre está afectado por deficiencias que nunca acaban de ser emendadas de xeito definitivo, nos Patos segue sen haber protección ó redor para protexer o acceso do parque a animais, é un lugar onde máis animais hai, así aparecen as cacas, e os problemas de salubridade pública unha vez máis, o parque das Searas segue a caracterizarse pola ausencia de mantemento, é evidente que non o van renovar porque xa se ten pedido ata a saciedade que se renoven os elementos de xogo, a pesar de ser un dos parques máis visitados, e ser de ferruxe, e non se están cambiando, e sabendo que é ilegal. Non se cumpriron, por dicilo de algunha maneira, ningunha das propostas feitas polo Partido Socialista, esquecéraseme o parque Bahamonde, onde non se cumpriu tampouco o compromiso plenario de instalar caucho, e tamén non se ten nas debidas condicións de mantemento, porque o lugar onde se collen os nenos, non sei como se chaman, as asas dos nenos para subir ó tobogán están quebrados, a miña compañeira cóntame que ela leva alí a veces ós seus fillos, e non nos deixou deslizar polo tobogán, porque claro podíanse mancar, podíanselle cravar as madeiras, a min esas cousas son as que lle deberían quizá preocupar señor Alcalde. A moción do BNG está vixente, está vixente a nosa do 2012, que é unha revisión exhaustiva dos parques, emendadas as deficiencias, intensificar as labores de mantemento, proceder a actuacións de mellora integral, instalación de balados de protección que o falábamos o outro día nas Comisións Informativas que os parques teñen que ter por Lei, balados de protección en madeira, non os teñen a maioría deles, incluso os dos pobos máis grandes, estudar a posibilidade de ampliar e reformar algúns parques que na actualidade están saturados, como os de Sobrado ou de Piñor, incluso instalar máis elementos de xogo, aínda que non se amplíen polo menos que se instalen máis elementos de xogo, porque hai espazo. Despois tamén habilitar para non discriminar ós veciños de Santa Uxía, habilitar unha zona de xogo infantil en Santa Uxía, non creo que sexa tan custoso, alí hai un neno que eu saiba, un neno e despois os que irán os fins de semana, tamén teñen dereito a xogar en Santa Uxía, verdade, Santa Uxía existe.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Téñolle que volver a reiterar o que lle dixen anteriormente, estas



deficiencias todas trátanse de emendar co presuposto que se fixo na modificación de crédito, que se fixo no mes de xullo que aínda non entra en vigor, está en prazo a partir do día vinte deste mes, e iso, parte diso, ou case todo en canto ós parques vaise tratar de emendar con ese importe de cen mil euros, non sei se vostedes cando se fixo a modificación de crédito leron a memoria, leron pois xa ven que están alí, pois van dar ata onde dean, aí fixemos un presuposto máis ou menos do máis necesario, entón que quere que lle diga, iso é o que temos e vostedes o saben.

**A sra. Morenza toma a palabra:** O que queremos é velo aplicado, non queremos leelo.

**A sra. González toma a palabra:** Quero que me recoñeza cando menos que en vinte pico anos que leva gobernando, grazas á construción se fixo algún parque, e a partir de aí se esqueceu, o equipo de goberno esqueceuse dos parques salvo para as fontes ornamentais modelo Currás, que hai en case todos os parques, e que están baleiros e que son totalmente prescindibles, é máis, son un elemento incluso en certos momentos perigoso para os nenos. Quero que me diga por que lle pagamos ese diñeiro a esa Concelleira, cando esa Concelleira en ningún momento despois da cantidade de mocións sobre este tema que se trouxeron a este Pleno, ó longo da lexislatura, en ningún momento nos presentou á oposición, ningún plan de mantemento e de reforzo de mellora dos parques e do mobiliario neste Concello, en ningún momento, é máis, a día de hoxe o único que poste de resposta é, presupostos que se aprobaron no mes de xuño..., que van a tratar a partir do vinte de setembro sobre cen mil euros, canto diñeiro van a aplicar ós parques, e acaban de preguntar Victoria, e non saben, cando os van facer, non saben, por cal van empezar, non saben, e cando vamos ver algo feito, non saben, saben que van a empezar o vinte de setembro, e non saben nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Mire, se vostede leu a memoria explicativa da modificación de crédito, alí llo explica, é que é de obrigado cumprimento.

**A sra. González toma a palabra:** Alí non explica nada. Cando se vai a empezar e cando se vai a rematar, porque parque empezan e por cal rematan, cales son as prioridades. Cando van a rematar antes de maio, despois de maio, cando van a rematar.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Antes de maio, garántollo eu.

**A sra. González toma a palabra:** Cales son as partes deterioradas dos parques, non o saben, están nas mocións.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vir aquí Pleno tras Pleno a dicirlles a deficiencias señor Alcalde, facemos o noso traballo con sobresaínte, e non creo que lle dea para suprimir barreiras arquitectónicas.



**A sra. González toma a palabra:** Eu digo que en ningún momento Miriam nos presentou ningún tipo de proxecto en torno a como van facer, cales son as deficiencias detectadas en cada parque, cal é o plan, en cinco meses van pretender facer o que non fixeron en oito anos, en vinte anos, cal é o plan, cales son os prazos, etc, etc, etc..... Entón dende o BNG reiteramos en que esta señora ademais non respondeu, senón que respondeu o Alcalde por ela, polo tanto reitérome no que dixen a principio de lexislatura, que hai mulleres que son mulleres floreiro neste Pleno.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, non é tal mulleres floreiro, é unha traballadora nata, currante, e vostede o sabe, por iso lle doe.

**A sra. González toma a palabra:** Non me doe nada, eu simplemente estou dicindo o que vexo. Entón reitérome en debería de renunciar a súa adicación exclusiva, cando menos a cobrar e destinar eses diñeiro a servizos sociais.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Dicur que moito lle van dar de si eses cen mil euros, porque supoño que aí non están incluídos que eu sabia as barreiras arquitectónicas, todo puntualmente, vamos a suprimir as barreiras arquitectónicas, aquí, xa non sei para que aceptan obras, para que reciben obras o Concello, para que as recepcionan obras que non teñen supresión de barreiras arquitectónicas, coma a do Lidl, que non sei se xa solventaron ese tema, é o seu traballo. Supresión de barreiras arquitectónicas, pintado de pasos de peóns, arranxar todos os parques, por iso si que me gustaría que constara en acta que o Tenente de Alcalde dixo que se ían a arranxar todos os parques de Barbadás, entón retirarán os elementos de ferruxe do Barreiro, retirarán os elementos de ferruxe no parque das Searas, supoño que incluírá cen mil euros, e vanlle chegar señor Alcalde, a min gustaríame que adquirira aquí o seu compromiso político, non técnico señor Alcalde, non chegan cen mil euros para arranxar o desaguisado que hai en Barbadás, en parques, zonas verdes, parques infantís.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, nós fixeron un proxecto os técnicos, eu non son técnico. Damos por concluído o debate desta moción, vámolos a someter a votación, porque senón parece isto un debate de cafetería. Votos a favor da moción, votos en contra. Queda rexeitada cos votos do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Moción do BNG sobre o estado dos parques, xardíns e elementos de mobiliario urbano.”**



### 11- MOCIÓN DO BNG SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á seguinte moción que tamén é do BNG sobre o xenocidio do estado de Israel, ten a palabra a súa voceira, ou o seu voceiro, perdón.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita a masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse como un crime de lesa humanidade.

Centos e centos de cidadáns e cidadás galegos/as e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa raiba e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un Estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra.

Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e exixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU que este país incumpre impunemente. Como galegos e galegas non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice que consinte esta agresión militar contra o pobo de Palestina do Goberno español e da UE porque esta é a hora de expresar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción dos seguintes



### ACORDOS

O Concello de Barbadás condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.

O Concello de Barbadás solicita a finalización do bloqueio contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.

O Concello de Barbadás apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respete os dereitos do pobo palestino.

O Concello de Barbadás solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e exixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.

O Concello de Barbadás apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.

Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Do que imos falar agora é algo que xa todos coñecen perfectamente entón eu vou a simplificar o que é a exposición de motivos da moción, aínda que si que teño que referirme a ela. Agora mesmo no Estado de Palestina, que é un Estado recoñecido pola ONU, estase asistindo a xenocidio sistemático por parte das forzas militares israelís. Este xenocidio que se ven cometendo, desde o ano, xa empezou no ano 49, pero de forma así masiva no ano 67, con ocupacións de territorios por certo non recoñecidos pola ONU, faise coa conivencia dos países do mal chamado primeiro mundo, porque neste caso son do terceiro mundo, faise coa conivencia de Estados Unidos en primeiro lugar, que é o maior subministrador de material militar ó exército israelí, e faise tamén coa conivencia da Unión Europea e do Estado Español, conivencia onde participan tanto Partido Socialista coma Partido Popular e isto é así, o que non podemos é levarnos as mans á cabeza cada vez que vemos nunha praia nenos masacrados por bombas israelís, como vemos como esnaquizan cidades absolutamente machacando a todo o mundo, baixo mentiras como todas as guerras imperialistas





mantidas baixo mentiras, porque o que eles din que é porque había túneles por onde pasaban material militar, e torpedos para bombardear Israel, eran mentira, eses túneles fixéronse en principio para pasar alimentos á poboación palestina que está absolutamente esquecida detrás dun muro que mide corenta quilómetros de largo e once quilómetros de alto, muro construído polo Estado Israelí que non deixa que alí entre nin un só alimento, nin absolutamente ningún tipo de axuda humanitaria, e eles tiveron que facer eses túneles para poder buscar os seus alimentos, e agora Israel coñecedor deses túneles o utiliza para masacrar absolutamente a unha poboación civil que non ten culpa de nada do que está sucedendo. Pero sendo todo isto dunha sevicia bestial e permitido por todos os países da Unión Europea, non se fai absolutamente nada, iso si, cando Rusia defende os seus intereses lexítimos onde hai poboación rusa maioritaria, por encima do 90% da poboación dun territorio, a Unión Europea préstase a facer bloqueo económico e militar á Unión Soviética, a Rusia, despois resulta que quen o paga son os agricultores españois, que lle ven de rebote e resulta que non poden vender alí os seus produtos, pois todas estas medidas que se toma en tres días na Unión Europea ben se podían tomar no seo na ONU cara Israel, curiosamente nunca dende o ano 67, a pesar de que hai máis de sesenta resolucións da Unión Europea que condenan ó Estado Israelí como un estado invasor da soberanía do pobo de Palestina, pois nunca se tomou ningún tipo de represalia nin económico, e moitos menos militar, porque está fortemente armado grazas á colaboración da Unión Europea e tamén de Estados Unidos, polo tanto o Bloque Nacionalista Galego o que quere é un posicionamento claro de todas as institucións públicas que hai no noso País, en contra deste xenocidio sistemático en contra da poboación Palestina, non podemos dicir que nós non temos nada que ver co que está pasando naquela esquina do mundo, non podemos dicilo, moito menos cando España ten participado en guerras nas que si non tiña nada que pintar, a proba está no que sucedeu, o petróleo levárono as empresas americanas, e nós nada, absolutamente nada máis que un fato de mortos. Sen embargo en Palestina non se fai absolutamente nada, por iso o Bloque Nacionalista Galego quere unha declaración contundente dos organismos públicos galegos en favor do Pobo Palestino e en contra do Estado Israelí, do que está acontecendo en ese País, por iso se pide a colaboración, o apoio de todos os Concellos de Galiza, tamén da Xunta de Galicia, por iso pedimos que se traslade o acordo deste Pleno á Xunta de Galicia para que se teñan en conta, xa no Parlamento Galego por certo, se tomou esta resolución despois seica veu o Embaixador Israelí a turrarlle das orellas a Feijóo, a dicir, pero vós sendo o que sodes liberais, apoiándonos en todo tipo de aventura imperialista polo mundo, como ides a aprobar unha moción que vos presenta un partido nacionalista minoritario no voso País, e o Feijóo xa dixo, non entendeuse mal,



non estamos en contra de Israel, é que nos obrigaron, é que a opinión pública, pois non señor, iso é un xenocidio, e polo tanto ten que ser contundente en contra destes países, por iso pedimos o apoio do Concello de Barbadás, tamén da Xunta de Galicia e do Estado Español, para condenar todo este tipo de atrocidades que se están cometendo en Palestina, e tamén para apoiar todos os actos que se realicen tanto en Barbadás, coma na contorna de Barbadás en apoio ó pobo de Palestina.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, ten a palabra a voceira do Partido Socialista.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Vou ser moi breve. Nós consideramos que os cesamentos dos combates o pasado 26 de agosto, só supón unha pausa no xenocidio que se está a producir na zona dende hai décadas. Non podemos esquecer que o conflito deixou dous mil douscentos mortos na meirande parte de Palestinos. A negociación do remate definitivo do alto ó fogo non implica que se vaia, lamentablemente, que se vaia a chegar a un acordo, Hamás non está disposto a desarmarse e Israel segue a manter unha posición de forza negándose a deixar de restrinxir a importación de cemento, canalización e outros materiais a Gaza, porque aseguran que os combatentes úsanos para construír foguetes, búnkeres e túneles. Evidentemente imos apoiar a moción do Bloque Nacionalista Galego, porque non podemos esquecer que os dous terzos das vítimas do último enfrontamento armado, eran civís, como teñen sido ó longo de todas estas décadas, e non podemos esquecer tamén que a sociedade internacional estivo horrorizada durante semanas, tamén podemos dicir durante décadas, ante a situación, pero isto témolo máis recente, ante a situación extrema que viviu a comunidade Palestina, sen casa, sen comida e vítima dun asaño da posición de foza de Israel. Apoiamos a moción nacionalista porque o alcance dos mísiles afectou, a campos de refuxiados, a hospitais, a fogares de persoas inocentes, e porque o propio Presidente de Israel Benjamin Netanyahu, chegou a dicir que non había guerra máis xusta ca esta, e sobre todo porque rexeitamos o posicionamento de Estados Unidos do lado de Israel.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, nós tamén a vamos a apoiar, pero vamos matizar simplemente aquí no punto catro, explicar o sentido do voto que o apoiamos pero que non coincidimos con esta matización que fan vostedes con relación o Goberno Español, que di que abandone a súa actitude pasiva, nós entendemos que o Goberno Español, está actuando digamos dentro das súas posibilidades, de feito en España ten habido reunións na época de Aznar para tentar conseguir un acordo. Evidentemente España ten o poder que ten, ata onde pode loxicamente e eu entendo que non está adoptando unha actitude pasiva, está adoptando a actitude que eu entendo ata onde pode, pero as responsabilidades son as que son, como peso político que ten na esfera internacional.



**O sr. Fírvida toma a palabra:** Moi brevemente, porque creo que estamos de acordo no básico, agás neste punto que acaba de dicir o señor Freire Couto. Primeiro Hamás non pode ser o pretexto para bombardear unha poboación civil baixo ningún tipo de circunstancia, dígoo eu. Segundo non é Estados Unidos, é a Unión Europea, e é España. España non está adoptando unha actitude pasiva, ó mellor a moción está mal feita, está adoptando unha actitude activa, é que vende material militar a Israel, esa é a pena, claro que se fora pasivo sería malo, pero é que nin sequera é pasiva, vende material militar a Israel para que machaque á poboación civil de Palestina, e si que se poden facer moitas cousas. España forma parte da Unión Europea e de todos os organismos da Unión Europea, e pode presentar calquera tipo de resolución a debate na Unión Europea, no Parlamento Europeo, e na Comisión Europea, culpabilizando a Israel dun xenocidio sistemático. España pode pedir nos organismos de xustiza internacionais que se aplique a xustiza de guerra aos dirixentes militares e políticos de Israel, e non o fai, entón por exemplo, entón aquí ter unha reunión onde veña un representante de Israel e metelo nun hotel de cinco estrelas, e dicirlle que a ver oe deixade de bombardear que xa está ben, iso non é facer nada por un país, por un país é ir á Unión Europea e dicir o que hai que dicir, ir a xunto Estados Unidos e dicirlles o que hai que dicirlles, e na ONU, e na OTAN, e en todos os organismos onde haxa representación, e iso o Estado Español non o ten feito, todo o contrario cala, e ca súa calada, permite que pase o que está pasando; hai países, fíxese toda África, moitos países Asiáticos, case toda Sudamérica tomaron resolucións en contra dos ataques de Israel, non o fixeron, nin Canadá, nin Estados Unidos, nin México, nin Colombia, Colombia foi o único de toda Sudamérica curiosamente, por algo será, nin Colombia, e despois por suposto toda a Unión Europea no fixo nada, Xapón e algún país máis do mundo, Australia, o resto todos tomaron resolucións de condena dos ataques Israelí, e España non o fixo por exemplo, entón, non podemos facer nada, si que se pode facer algo, polo menos pódese protestar e pódese pór a actuar á xustiza internacional en contra dun grupo de xenocidas, non hai nada que diferencie a Hitler, de Netanyahu, de Franco, de Musolini, non hai que os diferencie, porque son persoas que machacan á poboación civil, sen ningún tipo de xustificación, e xa o levan facendo moitos anos. Isto dos bombardeos é sistemático, cada dous anos os bombardean porque os teñen que ir machacando e dándolle saídas ó armamento, agora haberá unha paz, así falsa, porque o pobo Palestino vai seguir sometido absolutamente, colonizado e destruído, e dentro duns anos haberá outro bombardeo, cando manden un torpedo xa os volverán a bombardear, da igual, pero non busque escusas no punto catro da moción do Bloque Nacionalista Galego.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben, pois entendo que se aproba por unanimidade, con esa matización Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**“Moción do BNG sobre o xenocidio que o Estado de Israel está a cometer contra Palestina:**

- O Concello de Barbadás condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.**
- O Concello de Barbadás solicita a finalización do bloqueio contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.**
- O Concello de Barbadás apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respete os dereitos do pobo palestino.**
- O Concello de Barbadás apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.**
- Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.”**

### **- PARTE DE CONTROL**

#### **12- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó outro punto que é Dación de Contas das Resolucións de Alcaldía que teñen copia todos, se simplemente, non sei se teñen algún tema, iso é dar conta nada máis.

#### **13- ROGOS E PREGUNTAS.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O último son rogos e preguntas.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Aquí durante os Plenos ultimamente estamos tendo a presenza da Policía Local, nada que dicir sobre a Policía Local nada, pero eu propoño, é un rogo que facemos desde o Bloque Nacionalista Galego, hoxe non é día escolar, non hai colexios, eu propoño que cando



haxa colexios, e tendo en conta que os Plenos de Barbadás son os luns e pola mañá, porque quere o señor Alcalde, podían ser ás oito da tarde non queren que sexan, si son, que a Policía Local que ten un cadro de persoal ben axustado, pode haber alguén que estea de baixa, desde logo teñen que combinarse non poden estar traballando seis policíaas á vez, porque teñen que cubrir todo o horario, a Policía Local que faga traballo de Policía Local, que sexa na porta dos colexios, regulando o tráfico, velando pola xente fóra deste Concello, e nós prometémonos a ser pacíficos. Non fai falta que nos traian a Policía aquí. Entón, non é precisa a presenza da Policía Local no Concello de Barbadás.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tomamos nota do rogo.

**A sra. González toma a palabra:** No campamento que se fixo este verán, que foron os nenos o cámping Fieitas, as familias pagamos cento cincuenta euros por neno, eu quixera saber canto pagou o Concello por neno.

**A sra. Vispo toma a palabra (PP):** Por cada neno foron cen euros e cincuenta os puxo o Concello.

**A sra. González toma a palabra:** As familias pagamos cento cincuenta euros

**A sra. Vispo toma a palabra:** Si, pero cincuenta euros puxémolos o Concello.

**A sra. González toma a palabra:** Entón eran douscentos euros por neno. Se eu paguei cento cincuenta e o Concello pagou cincuenta son douscentos euros

**A sra. Vispo toma a palabra:** Si, pero vamos a ver, se pasábamos de vintecinco nenos facíanos unha rebaixa, sabes que un dos nenos tivo un accidente, devolvéuselle os cartos loxicamente, e mandaron a factura pero eu non a vin aínda, non sei, estame dicindo Nieves, porque Nieves é a que está alí, si está a rebaixa feita.

**A sra. González toma a palabra:** En total foron douscentos euros por neno.

**A sra. Vispo toma a palabra:** É que non me acordo agora, dígocho exactamente ó ver a factura.

**A sra. González toma a palabra:** Dado que había trinta prazas, pregunto, vamos a ver, hai moitas familias no Concello que non poden pagar esa cantidade de diñeiro, e supomos que por iso quedan prazas baleiras no Concello, de feito había trinta praza e en principio había vintecatros nenos anotados, entón pregunto eu, se se pensou en algún momento na posibilidade de reservar un número de prazas para familias que non poden aportar ese diñeiro, que se lles subvencione, e que nenos que se sabe máis ou menos con seguridade que non van cheirar o mar en todo o verán que poidan acudir, porque claro que para unha familia media que poda pagar eses cento cincuenta euros posiblemente tamén teña posibilidade cando menos un fin de semana á praia, entón se se pensou esa posibilidade.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Creo que non se pensou, pero non está mal formulado iso de cara ó



futuro.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Sabes que por Servizos Sociais se hai algunha persoa que insta a unha axuda económica por este tema faise. En ningún momento tivemos, tanto Elena que é a coordinadora de xuventude coma eu, ninguén nos propuxo de que algún neno non puidera ir por este motivo, sabes que si o hai, non hai ningún problema.

**A sra. González toma a palabra:** En todo caso se o hai, a quen llo teñen que comunicar á asistente social.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Non.

**A sra. González toma a palabra:** A xente ó ver o prezo, eu explicocho porque sabedes que este ano mandei ós nenos, ó neno, ó maior, e veu encantado, e moi ben e as familias estaban todas contentas da organización e de todo, non é unha crítica, en realidade é un paso para ver se se pode mellorar de algunha maneira. As familias a priori, saben que o campamento vale sobre cento cincuenta euros, entón que pasa que hai familias que non poden ir, pero é que xa nin se formulan ir porque non poden pagar cento cincuenta euros unha semana. Entón o caso é que se algunhas familias quixesen que os seus fillos puidesen ir, porque ó mellor non os poden levar á praia, nin sequera un fin de semana, pois porque están os dous no paro, porque ir á praia costa, aínda que só sexa un sábado, pois hai que gastar en gasolina, comida, etc, etc,...de que maneira, ou a onde se poden dirixir esas familias para poder acceder a esta información, e que a xente non está informada. A Elena, vale.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E despois previo informe da Asistente Social, podemos reservar para o ano incluso un número de prazas, non hai problema, un 10% ou un 20% para ese tipo de persoas, porque realmente son as que máis o necesitan.

**A sra. Carril toma a palabra (PP):** De todos modos Ánxela, normalmente mándanse ó campamento da Xunta que sae moito máis barato, o que veñen pagando os nenos son cen euros, cento dez, este ano a Xunta concedeunos un campamento de interior, e valorámolo entre os compañeiros que era moito mellor levalos á praia, falamos con Eva por se había partida para poder, porque claro vemos que é moi caro, a verdade é que é unha pasada o campamento, eu estiven alí os días, non teñen nada que ver cos campamentos da Xunta, o trato que teñen os nenos e todo é unha auténtica pasada, pero sae moito máis caro, foi por ese motivo polo que este ano saíu máis caro, porque descartamos os campamentos da Xunta que eran en interior.

**A sra. González toma a palabra:** Digo que quen non pode pagar cento cincuenta, posiblemente non poda pagar cento dez, nin cento vinte por unha semana, entón quixera saber iso. Outra cousa é tema



piscinas, a ver, as piscinas seguen sendo un verdadeiro desastre, as baldosas esvárase cada dous por tres, ten habido accidentes, este ano non sei se houbo, pero en anos anteriores ten habido accidentes de nenos que caen para atrás, este ano houbo algún accidente de que se cortan, porque hai algunha baldosa un pouco levantada, hai calvas no céspede, hai falla de limpeza, así en xeral, e xa o colmo que pasou ultimamente, no mes de setembro o horario de apertura é ata as oito da tarde, en agosto era ata as nove, e en setembro era ata as oito. Pois así xa o colmo que pasou, é que horario de apertura ó público de tal a oito da tarde, pois á sete e media os socorristas están botando á xente da piscina, é máis, xente que chega ás sete e cuarto, porque vai, estando eu alí, isto non mo discute ninguén, estando eu alí e a xente toda protestando, e máis deuse o caso de xente que sae de traballar ás sete e cuarto, métese na piscina e ás sete e media a botan, e lle cobran entrada, ese caso deuse, deuse porque estaba eu alí e presencieino, non coñezo á chica de nada, pero sei que se puxo a discutir con eles, e o de que os botan ás sete e media efectivamente, hai xente que sae de traballar que ó mellor manda os nenos con alguén e despois sae de traballar, di co calor que fai a semana pasada, que era verán a semana pasada, non se pode poñer un horario de apertura ata as oito e botarnos ás sete e media, é máis habendo bo tempo o horario de apertura debería de ser ata as nove, o horario de apertura, facendo bo tempo como fixo debería ser ata as nove.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Agora en setembro ás oito case é noite xa.

**A sra. González toma a palabra:** Pero xa se vai a xente, é dicir, se ás nove é noite xa se vai a xente, pero que os boten ás sete e media, co calor que facía era indignante.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois imos a tomar nota e mirar que pasou, porque non é normal.

**A sra. González toma a palabra:** Pois si, botábanos ás sete e media porque ás oito eles tiñan que estar fóra. Eu entendo que a xente ó mellor non se sente ben pagada por determinado traballo ou o que sexa, pero os usuarios non temos porque pagalo.

Colectores de aceite rebordando no verán na Avenida de Celanova, eu fun baleirar algunha vez aceite os colectores e estaban botando practicamente por fóra.

Nas Lamas, eu non sei se volviches polas Lamas a ver a tele dende aquel ano que che falei de que nas Lamas non se vía ben a tele, e ti me dixeches que si que entraras en moitas casas, pois nas Lamas non se ve a televisión, hai xente que non ve nin a galega. Nas Lamas hai dúas partes ben diferenciadas, incluso tres, parte dos chalés, parte de abaixo, e a parte do pobo, na parte de abaixo vese todo, e hai internet e todo, arriba non hai nada, entón eu vivo na parte pobre das Lamas, e coma min máis xente, non se colle, cóllese a primeira e a segunda case sempre, a galega de vez e cando, as privadas nunca, o



sinal do TDT, funciona peor que o ano pasado, o ano pasado de vez en cando collíase a Galega sempre, e algunha vez chegouse a coller algunha privada, non dun xeito continuado, senón que algunha vez, se tiñas moita sorte igual a collías, pero é que hoxe xa nin a Galega, en moitas zonas, fálovos da rúa do Medio, da zona da Praza, da zona do Souto, na zona do Enxido, na zona do Pendello, esa zona toda.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Eu quería que me respondera houbo uns problemas no, e que teño as preguntas así sen redactar, vou ser rápida. Houbo un problema na retirada dunhas cadeiras e dunhas mesas nun bar da Valenzá, porque non se lle comunicou en tempo e forma, queríamos saber exactamente, a nós supostamente xa nos responderan por escrito, queríamos saber exactamente que pasou con esa persoa que logo tivo que ir a trasladar as cadeiras e as mesas porque non se lle comunicou en tempo e forma que non se cumprían os requisitos, que non se lle apercibiu en suma, formalmente por escrito.

**O sr. García toma a palabra:** O único que pasou é que puxo as cadeiras sen pagar nin ter autorización.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero por escrito se lle tería que apercibir dalgunha maneira, non sei exactamente o que pasou, eu quería saber porque non se fixo por escrito, cal é o procedemento, o procedemento legal sempre é comunicarlle a unha persoa as cousas por escrito. Ela non recibiu comunicación por escrito, pero vamos a nosa pregunta é esa.

Despois queremos, volvemos a incidir, xa temos falado moitas veces destes temas en que se realice unha ordenanza de cans, porque hai moitos problemas, e xa o falamos o outro día na Comisión e entón queremos saber a nosa pregunta é, non é un un rogo, porque os rogos xa se ve que caen en saco roto, vaise facer unha ordenanza de animais domésticos, esa é a nosa pregunta, xa visto que o Alcalde e o Tenente de Alcalde, todo o Grupo de Goberno en xeral, teñen esa postura de si facelo de estar por esa labor, non sabemos si se vai facer, a pesar de ter a de convivencia cidadá que no é o mesmo, vaise facer entón.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si

**A sra. Morenza toma a palabra:** Hai un floripondio no cruce de Cabeza de Vaca que impide a visibilidade dos coches que veñen dende Ourense, entón moita xente tense que incorporar á vía, no cruce da residencia de Cabeza de Vaca, coa estrada de Toén.

**O sr. García toma a palabra:** Eu creo, eu mandeino podar, e creo que xa o fixeron.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non está podado a día de hoxe, entón non hai visibilidade, hai que





incorporarse á estrada de Toén. Eu podado non sei se está, o caso é que non hai visibilidade, estamos na mesma. Eu xa sei que vostede estaba no tema, pero a día de hoxe xa lle digo que non está, é por saber si se vai facer, si se vai cortar.

Vertedoiro de Barxa, segue na mesma situación, vaise facer algo, vaise a erradicar definitivamente dalgún xeito, vaise poñer algunha pedra, ou algo, vaise tomar algunha medida, porque segue aquilo dando moi mala imaxe, vertedoiro en Barxa, ó baixar de Barxa á esquerda, antes había un á dereita, e agora hai un no camiño que vai á Santa á esquerda, baixando de Barxa, xa eu supoño que a Concelleira de obras sabe onde lle digo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tomaránse as medidas necesarias para erradicalo.

Os canastro de Loiro hai anos presentamos unha moción vaise facer algo con iso, fíxose algo, fíxose algunha.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** De momento non se vai facer nada que non hai diñeiro.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero naquel momento, isto xa foi en 2007, ou 2008, e fíxese naquel momento algunha xestión.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Naquel momento falouse cos propietarios que había unha subvención da Xunta, que tiñan eles que solicitar para rehabilitalos, porque iso require loxicamente permiso de patrimonio.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero non se vai facer nada polo de agora.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O Concello non pode facer nada porque non é del.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non teñen permiso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non ten permiso non, non é propietario.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Non é propietario, pero podía ser o que di vostede dar información ós veciños das posibilidades que existen.

Seguimos coas materias pendentes cas imos seguir traendo porque non nos parece normal os incumprimentos plenarios, son a placa que ían poñer de Carmen Martín Gaité no Centro social que se comprometeu o Alcalde, e os bustos a Carmen Martín Gaité e Antón Failde en Piñor, que son acordos plenarios, dúas mocións xa que foron aprobadas por unanimidade e non se están cumprindo, ¿vanse cumprir ese acordo plenario señor Alcalde, de homenaxe?. Xa hai moitos anos, aínda non estaba eu en política.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vanse cumprir, sen dúbida ningunha.

Vannos entregar, a pregunta en vez de ser un rogo, e en forma de pregunta, vannos entregar o informe



da Policía, de Protección Civil, sobre as festas da Valenzá que tamén pediu o BNG, non sei se o BNG llo entregaron, nós aquí no anterior Pleno, acordádevos que pedimos un informe de Protección Civil sobre o que pasou nas festas da Valenzá. A nós non, porque xa o comentei co meu compañeiro Xosé Carlos e non lle entregaron nada, e que nós pedímolos en Pleno, nós pedimos un informe, ó falar no debate plenario.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero se llo deron ó BNG

**A sra. Morenza toma a palabra:** Por iso, eu imaxineime que a eles si llo darían, porque eles que si que o pediron por escrito, non me lembro agora.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** En todo caso se mandará

**A sra. Morenza toma a palabra:** A ver se se nos manda, se fixeran o favor.

As papeleiras de cans, xa falaban vostedes o outro día que faltaban bolsas, pero é que é vergoñento ten unhas papeleiras e non ter repostos para poder coller.

**O sr. Tenente de Alcalde toma a palabra:** O que si é vergoñento é enchelas e o cabo dunha hora que non haxa unha bolsa, iso si, que fas.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Entón que facemos, quitámolas, quitámolas papeleiras.

**O sr. Tenente de Alcalde toma a palabra:** Eu sinceramente, xa sabedes o que dixen sempre que non estaba moito de acordo con elas porque ía pasar o que pasa.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Entón que se vai facer unha campaña de concienciación cidadá, como se dixo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Unha campaña pódese facer pero a mellor campaña é facer unha ordenanza e a xente que a cumpra, porque é que senón á larga non hai maneira.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Entón fagan a ordenanza, é que é a pescada que se morde a cola, estamos sempre igual.

Volvemos ó tema das piscinas, Ánxela comentou algunha irregularidades, nós comentamos que se lle pide certificado de empadramento ás persoas que van á piscina, pero antes collíase o padrón, comprobábase si a persoa se estaba no padrón co seu DNI e entraban, e agora estáselle poñendo moi difícil incluso ós cativos, que van alí, incluso xestionan o carné.

**O sr. Tenente de Alcalde toma a palabra:** Agora ca protección de datos non llo deixan levar.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pois algún neno estivo xestionando o carné, e como tiña os resgardos, só co resguardo non o deixaron pasar, tivo que pagar os dous euros, hai moitas queixas. A nós o que nos preocupa é iso, que se lle estea facendo iso a uns nenos, a uns menores, que estean



sendo tratados así.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Tomamos nota

**A sra. Morenza toma a palabra:** No Campo da Feira onde se instala o posto de comida, que se axeite un pouco aquilo, porque a verdade é que está nun estado lamentable entón. Tería que ser en forma de pregunta, ¿teñen pensado axeitar o Campo da feira?, porque só así responden.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** No campo da feira en principio non hai ningunha actuación. Despois “la sorpresita del día”, isto quen o paga.

**O sr. Tenente de Alcalde toma a palabra:** Pois os anunciantes.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Xa mo imaxinaba que o ían a dicir, e o Concello non pon nada, os anunciantes, xa o dixen eu pagan os anunciantes. “Aquí Barbadás noticias, tódalas noticias, o Alcalde, sete meses antes das eleccións, el fútbol, ben, paréceme ben, o Concello informa, vende motos, entón claro nós por esa regra de tres, os grupos da oposición tamén poderíamos estar presente nesta revista, porque se está o Concello, o Concello somos todos, nós tamén.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Isto é institucional, aquí non ve nada do Partido Popular, por ningún lado.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Pero señor Alcalde vostede estame tomando o pelo, a sete meses antes das eleccións repartes esta revistiña que é o número un, preparádevos para o seguinte. Esta é unha iniciativa privada, e o Concello que pon.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Esta é unha iniciativa privada, aí non pon nada ningún partido, aí só se puxo publicidade, e se vai seguir poñendo institucional, cando haxa actos.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Que coincidencia, que marabilla, a metade da campañiña xa a leva aquí, mire que ben .

Despois quería facer un rogo de que estase recollendo sinaturas para habilitar unha área canina con elementos de xogo, e no que se quedou, no que se quedara no seu día, esa gran materia pendente, estanse recollendo sinaturas, e non sei se vostedes a creación dun área canina en A Valenzá, non sei se vostedes teñen pensado creala, se teñen esa disposición, ou simplemente pasan de todo. Pero vostedes van crear unha área de espaxamento canino.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pódese crear, non hai problema ningún.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Con elementos de xogo, como ten que ser, que xa de feito era unha moción socialista para creala, vostedes non a cumpriron unha vez máis. E despois xa, e xa por último teño entendido que xunto Correos van instalar unha marquesiña, entón queríamos saber si se vai



retirar a marquesiña que está en fronte do Golfiños, ou se vai manter ou simplemente esa marquesiña se fai porque se van beneficiar dalgunha axuda do Plan de Transporte Metropolitano, vamos queríamos saber que cambio vai haber aí.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A min non me consta.

**Rogos presentados por escrito:**

**Xosé Carlos Valcárcel Doval**

Proceder á limpeza e desbroce inmediato da maleza da zona de xogo infantil no entorno do tanque do Regueiro.

Realizar urxentemente unha limpeza da maleza no Camiño do Rosario e pechar cunha cancela a mina que está nas proximidades.

No mesmo camiño existe unha tubería de augas fecais que verte á vía pública. Solicitamos se proceda o seu arranxo.

Sustituir os tubos que cubren o regato na Rúa Dámaso Montes por unha reixa metálica que ofrezca máis seguridade.

Arranxar os desperfectos do cadro eléctrico ubicado na fonte do Regueiro. A actual situación supón un grave perigo para toda a cidadanía, especialmente cativos, ó estar moi accesible.

Arranxar o vial que une os barrios do Regueiro e A Cal.

Proceder a asfaltar a Rúa Dámaso Montes dado o seu mal estado xeralizado.

Reiterar a petición realizada xa hai varios meses polo Grupo Socialista para solventar os problemas do Camiño dos Fornos á Igrexa.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:45 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO



## CONCELLO DE BARBADÁS

---